



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 12-16 de 06/10/2016

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 12/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 06.10.2016


Hora de convocatoria: 20.00 h.

Hora de comezo: 20.05 h.

Hora de remate: 22:28 h.

### ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
  - Dna. Nuria Lameiro Valverde
  - D. Juan Antonio González Rodríguez
  - Dna. Iria Lamas Salgueiro
  
  - D. Fernando Guitián Guitián
  - Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
  - Dna. Patricia Durán Pérez
  - D. Jesús Salgueiro Pérez. Abandona a sesión no transcurso do punto 4 da orde do día.
- 
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
  - Dna. Rocío Cambra Castro
  - D. Xosé Antón Araújo Rodríguez
  
  - D. Manuel Gómez González
  - D. Javier Gregores Méndez
  - Dna. Beatriz Fernández Alonso
  
  - D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
  - D. Josué Villar Ballesteros
  - Dna. María Jimena Varela Rodríguez



### SECRETARIO ACCIDENTAL

- Manuel Soliño Troncoso

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.00 horas do 6 de outubro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal accidental, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.
2. Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo.
3. Nomeamento de fillo adoptivo a D.Victoriano Taibo.



4. Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora de Medio Ambiente, limpeza e convivencia.
5. Fiscalización e control dos órganos de Goberno:
  - a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo IX (setembro de 2016).
6. Mocións.
7. Rogos e preguntas.

**1.- Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.**

*Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 22.09.2016, que literalmente di:*

**PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**ASUNTO:** TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

*"Vista a proposta de Alcaldía de data 22.09.2016, que literalmente di:*

*En relación co expediente relativo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Visto o informe económico presentado en data 20/09/16 pola entidade prestadora do servizo de subministro e distribución de auga do Concello de Gondomar.*

*E visto o informe de Intervención de data 21 de setembro de 2016,*

*Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais, co fin de adaptalas a lexislación vixente e actualizar as tarifas, nos termos previstos no expediente, xuntando o proxecto da Ordenanza Fiscal en cuestión. A modificación das tarifas quedan establecidas nas seguintes contías:

TAXA 2017				
TARIFAS SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE				
<b>1º Autorización Conexión</b>				
Cota de conexión				
<b>2º Consumo Trimestral</b>				
	<b>DOM. E COM.</b>	<b>INDUST.</b>	<b>OBRAS</b>	<b>AUGA ALTA</b>
Cota fixa €/ab.trim	10,4450	10,4450	10,4450	10,4450
<b>Consumo</b>				
1º Bloque: dende 0 a 50 m <sup>3</sup> /trim €/m <sup>3</sup>	0,3482	0,4642	0,5803	0,3133
2º Bloque: dende 50 a 100 m <sup>3</sup> /trim €/m <sup>3</sup>	0,3482	0,5803	0,5803	0,3133
3º Bloque: dende 100 a 200 m <sup>3</sup> /trim €/m <sup>3</sup>	0,6383	0,6963	0,6963	0,3133
4º Bloque: dende 200 a 300 m <sup>3</sup> /trim €/m <sup>3</sup>	0,8124	0,6963	0,8604	0,3133
5º Bloque: >300 m <sup>3</sup> /trim €/m <sup>3</sup>	0,8124	0,6963	1,0756	0,3133

TAXA 2017			
PREZO DE ACOMETIDAS			
<b>Prezo de acometidas dos seguintes elementos:</b>			
A) Materiais			
- Colarín de toma			
- Enlaces			
- Tubería de P.E.B.D. de 1 a 5 metros			
- Chave de paso			
- Arquetiña de 15x25			
B) Obra Civil			
- Arqueta para colocación de tapa de 15x25			
- Apertura e peche de zanja de 1 a 5 metros			
<b>Os prezos son diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a facer na zanja:</b>			
<b>Diam. Acom.</b>	<b>Terra (A)</b>	<b>Asfalto (B)</b>	<b>Baldosa-Acera (C)</b>
¾	192,68	264,17	306,68
1	211,51	272,49	324,43
1+½	280,04	341,71	393,64
2	333,30	393,64	446,26
<b>Acometidas de máis de 5 metros. Incremento por metro adicional:</b>			
<b>Diam. Acom.</b>	<b>Terra (A)</b>	<b>Asfalto (B)</b>	<b>Baldosa-Acera (C)</b>
¾	10,42	12,25	17,46
1	22,98	24,81	30,03
1+½	27,68	29,37	34,58



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

<b>TAXA 2017</b>	
<b>PREZO DE CONTADORES</b>	
<b>Instalación do contador (15/20 mm) en batería ou similar</b>	
15mm	87,35
20mm	109,91
<b>Instalación do contador superior a 20 mm</b>	
Realizarase un orzamento previo.	
<b>Contadores sen instalación</b>	
13mm	65,15
15mm	65,15
20mm	87,71
25mm	142,84
30mm	199,70
40mm	309,65
50mm	676,48
65mm	838,50

<b>TAXA 2017</b>	
<b>OUTRAS TARIFAS</b>	
<b>Xestión de cobro a impagados</b> Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago	4,50
<b>Desprecintado de contadores</b> Por desprecintado dun contador despois dunha baixa voluntaria ou por expediente de corte de subministro	19,63
<b>Conexión á rede de contadores e precintado de racores</b> Por conexión á rede dun contador instalado por persoal alleo ao servizo e precintado de racores	19,63
<b>Comprobación de contador do abonado con contador patrón</b> A petición do abonado, comprobación da medición do seu contador con contador patrón	19,63

NOTA: Tódolos prezos veranse gravados co IVE correspondente.

**Segundo.-** Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non se teñan presentado reclamacións ao expediente, sobre a base do



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Concelleira ¿Intervencións? Sra. Salgueiro, ten vostede a palabra.

Sra. Salgueiro: Boas tardes a todos e a todas, grazas Sr. Alcalde. Primeiro por unha cuestión de orde, dicir que votamos en falla na convocatoria outro tema (...) creo que hai nun Pleno que é o punto que poñía adhesión ao Convenio de Transporte, continúa vostede privando aos veciños e veciñas de Gondomar que se poidan beneficiar dun desconto importante no que é o Transporte metropolitano, continúa vostede pois privando tamén, ou prohibindo dalgún xeito aos veciños, aos mozos de Gondomar.

Sr. Alcalde: ¿Sra. Salgueiro, está falando vostede do punto que estamos tratando ou está vostede introducindo un elemento novo da orde do día ?

Sra. Salgueiro: Estou comentándolle que botamos en falla un punto que..

Sr. Alcalde: Tomo nota, xa queda constancia de que bota en falla que eu non traia na orde do día o Transporte. Logo si quere, en rogos e preguntas, lle explicarei con detemento cal é o motivo de que este Alcalde se inclúa na orde do día o Convenio de Transporte

Sra. Salgueiro: Verá vostede que os mozos....(...)

Sr. Alcalde: Sei Sra. de sobra, son consciente.


Sra. Salgueiro: Vale entón con relación ao punto que recolle este punto da orde do día, dicir que bueno (...) que nos estamos totalmente de acordo coa rebaixa da taxa que se trata neste caso. De tódolos xeitos, tamén queremos aclarar porque nas declaracións feitas por vostede nos medios de comunicación e nas redes sociais, di que na oferta política da rebaixa, na política do novo Goberno da rebaixa de taxas inclúe a rebaixa da taxa da auga, soamente dicir, deixar claro, que a rebaixa na taxa de auga ven dada polo contrato que se asinou hai vinte anos da concesión do abastecemento de auga potable e que recollía unha táboa, unha función polinómica na que se determina, na que se inclúen diferentes factores, como son a man de obra, a enerxía eléctrica, os materiais de construción e outros materiais que son, son realmente os que, os derivados dunha rebaixa de un ano para outro, son os que fan posible que esta taxa rebaixe un 3, 3%. Xa que na (...) deixar iso claro, que a rebaixa non é unha medida do Goberno, senón un cumprimento do contrato que levamos vinte anos firmado con (...) Espina y Delfín. Tamén aproveitaba para preguntar, supoñemos que dentro do artigo 4 deste contrato, viña que a duración do contrato era de vinte anos, os vinte anos creo que vencen no 2006, no 2016 perdón, supoño que estaremos na parte da prórroga que se recolle tamén neste contrato, iso vai aclaralo, si o Goberno pensaba ao final facer outra cousa. Vale, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Salgueiro ¿mais intervencións? Sr. Gómez , ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas, nos pouco mais que manifestar a intención de voto, bueno neste caso á modificación das taxas. Vai na mesma liña mais ou menos pero bueno neste caso é unha baixa e bueno todo o que sexa baixar sempre é importante, non (...) cales son os motivos, nos neste caso xa o explicou aí a concelleira pero bueno, todo o que sexa rebaixar é interesante nestes momentos, de que as cousas...a ninguén lle sobra nada e bueno simplemente dicir que IXG vai votar a prol deste punto. Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez ¿mais intervencións? Sr. Pauliño del Río, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, boas tardes, Gondomar Concello Aberto manifesta a súa intención de absterse a esta proposta da Alcaldía. Realizará as alegacións oportunas no



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

prazo de exposición ao público que se abre despois deste Pleno e simplemente ten unha pregunta ao respecto desta taxa que é si *¿están incluídos os veciños e veciñas de Vilaza no censo do tema da auga (...) municipal?*. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Pauliño.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete este punto da orde do día a votación ordinaria co seguinte resultado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

*O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 10 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 3 do Grupo Municipal M.M.; 7 abstencións: 4 do Grupo Municipal do P.P. e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningún voto en contra, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.*

#### **2.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo.**

*Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 27.09.2016, que literalmente di:*

Sra. Iria Lamas: Grazas Sr. Alcalde.

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA:**

**ASUNTO:** APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E LIXO.

*“Vista a proposta de Alcaldía de data 27.09.2016, que literalmente di:*

*En relación co expediente relativo á imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con base aos seguintes*

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

- *Providencia de Alcaldía de data*
- *Memoria económica de Alcaldía de data*
- *Informe económico financeiro de data*
- *Informe de Intervención de data*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable nesta materia está recollida en:

- Os artigos 15 ao 21 e 24 e 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 22.2.e), 47.1 e 107 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- artigo 6 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (concepto de taxa).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por maioría simple dos membros presentes.

Por todo o, formúlase a seguinte Proposta ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e a Ordenanza fiscal reguladora da mesma, coa redacción que a continuación se recolle:

### **"ARTÍGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.**

1. Constitúe o feito imponible desta Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

*de servizos no termo municipal de Gondomar, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento.*

*2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos ou perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.*

*3. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que figuren en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitados ou utilizados.*

---

#### **ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.**

*1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.*

*2. Para o caso das vivendas, son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ao pago da taxa, os propietarios e usufrutuarios das mesmas, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas aos usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.*

*Igualmente, no caso de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen uso, serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios.*

#### **ARTGO 4º. RESPONSABLES.**

*1. Responderán solidariamente do pago desta taxa xunto cos suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os beneficiarios da prestación do servizo por utilizar ou ocupar as vivendas ou locais.*





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2.003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 5º. BENEFICIOS FISCAIS.**

1.- Estarán exentos do pago desta taxa:


- a) O Concello polos edificios e locais da súa titularidade que figuren afectos a un servizo público.
- b) Os suxeitos pasivos cuxos ingresos sexan inferiores ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

#### **2. Bonificacións:**

- a) Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota, respecto da súa vivenda habitual, os parados, no momento da solicitude, cuxos ingresos anuais, incrementados cos das persoas empadroadas na mesma, non superen a cantidade que resulta de multiplicar por 1,3 o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) durante o ano natural anterior a aquel en que veña a producir efecto.

A estes efectos, consideraranse ingresos anuais os rendementos íntegros do traballo e do capital mobiliario e inmobiliario, así como os rendementos de actividades económicas a que se refiren os artigos 17, 25, 22 e 27 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de Non Residentes.e sobre o Patrimonio.

Para ter dereito a esta bonificación deberá solicitarse polos interesados entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento das condicións para o seu outorgamento, e, no caso de resultaren





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*estimadas, producirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.*

*Deberá acompañarse á solicitude os seguintes documentos:*

- Fotocopia compulsada da declaración da renda do exercicio inmediato anterior ou, no seu defecto, certificación negativa da Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente aos integrantes da unidade familiar.*
- Certificación catastral dos inmobles da súa propiedade.*

*b) Terán dereito a unha bonificación do 99% da cota, os locais sociais das Comunidade de Montes Veciñais en Mancomún, das Asociacións de veciños sen ánimo de lucro situadas e con sede física no Concello, ANPAS, Centros Culturais e Deportivos, cemiterios municipais e os edificios e locais da Entidade Local Menor de Morgadáns.*

#### **ARTIGO 6º. COTAS TRIBUTARIAS.**

- 1. A efectos de aplicación desta Taxa, considérase que se presta o servizo sempre que se recolla o lixo domiciliario de xeito directa ou a través dun colector ou depósito.*
- 2. No caso de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, se aplicará unha tarifa de vivenda.*
- 3. No suposto de que dentro dunha vivenda se realice unha actividade económica, aplicarase a cota correspondente á actividade realizada.*
- 4. Se nun mesmo local ou recinto se exerceran varias actividades polo mesmo titular, estarán obrigados a contribuír pola tarifa máis alta, máis o 50 % da que corresponda a cada unha das restantes.*
- 5. Cando unha industria, comercio ou establecemento ocupe máis dunha planta, ademais da tarifa aplicable pola actividade que realice satisfará por cada unha das demais plantas a cota de vivenda.*

*A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:*




Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

### CONCEPTOS TARIFAS

<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
<b>Domicilios particulares</b>	55,00
<b>Cafetería e bares</b>	
Ata 100 m2 e sen servizo de comedor	70,00
Mais 100 m2 e sen servizo de comedor	100,00
Ata 100 m2 e con servizo de comedor	200,00
Mais 100 m2 e con servizo de comedor	250,00
<b>Restaurantes</b>	
Ata 250 m2	290,00
Mais de 250 m2	580,00
<b>Hoteis</b>	
Ata 50 habitacións	220,00
Mais de 50 habitacións	835,00
<b>Local industrial, taller, nave de fabricación ou almacenamento</b>	
Ata 100 m2	145,00
De 101 m2 a 500 m2	200,00
De 501 m2 a 750 m2	250,00
Mais de 750 m2	395,00
<b>Local comercial</b>	
Ata 100 m2	70,00
De 101 m2 a 250 m2	105,00
Mais de 250 m2	265,00
<b>Entidades bancarias</b>	280,00
<b>Tendas de alimentación</b>	
Ata 100 m2	90,00
De 101 m2 a 250 m2	125,00
Mais de 250 m2	315,00
<b>Outros establecementos</b>	90,00



**ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENO.**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

1. A Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo ten carácter periódico.
2. O período impositivo coincide co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

a) Nos supostos de inicio, dende o día en que teña lugar ata o 31 de decembro.

*Se entenderá iniciada a prestación do servizo na data de outorgamento da licenza de primeira ocupación e funcionamento, ou dende o momento en que se teña considerada iniciada a actividade.*

b) Nos supostos de cese, dende o 1 de xaneiro ate o día en que se produza aquel.

---

3. A Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo devéñase o primeiro día do período impositivo.

4. Cando o período impositivo da Taxa esixida pola prestación do servizo de recollida de lixo sexa inferior ao ano natural, o seu importe se prorrateará por trimestres naturais, computándose como completo o de inicio ou cese na prestación do servizo.

#### **ARTIGO 8º. XESTIÓN E LIQUIDACIÓN**

1. A Taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, xestionarase mediante padrón, nos supostos de alta do tributo, que o será mediante a práctica dunha liquidación que será notificada individualmente.

2. Para o suposto de alta, o obrigado tributario deberá presentar unha declaración na que manifeste a realización do feito imponible e comunique os datos necesarios para que a Administración municipal cuantifique a obriga tributaria mediante a práctica da liquidación correspondente.

*En todo caso, os obrigados deberán por en coñecemento da Administración municipal toda modificación sobrevinda que poderá orixinar baixa ou alteración no padrón no prazo de dous meses dende que se produza a circunstancia determinante da modificación.*



### **ARTIGO 10º. INGRESO.**

1. Unha vez producida a alta, a Taxa se exaccionará por padrón, esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale o Regulamento Xeral de Recadación para as débedas por recibo.

### **ARTÍCULO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

En todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, así como sanción s que correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir da súa entrada en vigor, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresas.

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamación s que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamación s ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Moitas grazas, grazas Sra. Concelleira ¿Intervención s sobre este punto? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Grazas Sr. Alcalde, boas tardes a todos e a todas, bueno a este Grupo a verdade é que nos sorprende este punto, si me permite o Sr. Alcalde, por unha cuestión de orde tamén, a administración electrónica non funciona, entendémolo porque quixemos descargar o expediente deste Pleno pola administración electrónica, o correo electrónico que, para que saibamos que a función foi descargada, nin entrando alí coa firma electrónica se pode descargar, bueno pois entón a verdade eu pensei que non íamos ter nin sequera o expediente, cando foi ao revés, bueno. Volvendo ao conto, a min me sorprende, a este grupo lle sorprende que traian aquí vostedes unha taxa do lixo que non é tal, o normal (...) para nos era claro que a retiraran, eu



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

teño aquí a acta do Pleno de Xullo de 2012, onde o Goberno que estaba naquel entón tamén tivo que usar esta taxa e vostede daquela votouna, bueno demasiadas consideracións porque o voto en contra, nos entendíamos a pesar de que daquela hai un ano mais ou menos, vostedes (...) a retirada, nos votamos en contra desa retirada porque daquela (...), vendo isto, mirando esta acta claro agora o entendemos todo, é dicir daquela xa o entendíamos claro, non quería taxa e agora vólvenma a querer, non o acabamos de entender nin é compartido, non podemos compartir que se poña unha taxa, que agora se pon, que logo se quita, agora a volvemos a poñer, sen un argumento claro, nada mais que un, o argumento que nos traen é que van a cobrar todos, imos pagar todos, os que están a mais e os que están a menos (...) lineais dos colectores. Fíxese vostede que daquela, vostede dicía que votaba en contra porque ían a pagar o mesmo un chalet de 340 m<sup>2</sup> que unha casa de 30 m<sup>2</sup> e non lle parecía correcto, dicía que iso había que modificalo e agora van a pagar o mesmo o chalet de 340 m<sup>2</sup> que a casa de 30 m<sup>2</sup>, e vai a pagar o mesmo o chalet de 340 m<sup>2</sup> co colector ao lado da casa, de esa casa, e casa de 30 m<sup>2</sup> que estea a 500 ml por exemplo dos colectores, aí xa non hai nada que se poida facer, é dicir, que non o corruxiu, non está corruxido nesta nova ordenanza fiscal, non entendemos por qué, non podemos compartir esta Ordenanza. Por outra banda nos queremos ser coherentes e imos tentar durante este mandato, sempre que esteamos aquí, ser coherentes e por suposto facer unha oposición construtiva, como sempre lle digo lle dou as ~~claves para conseguir o noso voto a favor, sempre imos a facelo así, o imos facer tamén de~~ isto pero a verdade neste caso non nos miramos (...) claro que nos pensamos que é así o transmitimos sempre que a taxa do lixo é unha cuestión da sociedade que di que quen contamina paga. Non é unha potestade, unha competencia do Concello, que podería ser un servizo mais dos que da o Concello, recoller o lixo e que nolo cobrasen (...) como se estaba facendo ata o ano 2013, pero non é o caso e nos así o participábase, o dicíamos cando puxemos a taxa, que (...) canto tiñamos que pagar todos e nos pensamos como di agora esta ordenanza, esta modificación, esta nova ordenanza realmente que temos que pagar todos esteamos a 150 m ou esteamos a 5 m dos colectores da nosa casa, porque todos contaminamos, todos segregamos lixo. ¿Qué ocurría? En aquel tempo, en aqueles momentos o servizo era o mesmo que hai hoxe, entón o feito de ter unha compoñente de 150m non era mais que, dado que temos un servizo que xa tiña daquela mais de dez anos, é unha maneira de compensar dalgún xeito esa falla no servizo porque xa ten mais de dez anos. O que nos pensabamos era, unha vez que teñamos un novo servizo, sexa pola vía que sexa, en (...) un novo prego de edificación para empresas privadas, como sexa, nese momento haberá por suposto un estudo técnico que xa está encargado, que existe, para poñer colectores a unha distancia o mais próxima posible pero dentro de un xeito razoable, de cada un dos núcleos ou das vivendas que hai no Concello, de xeito que pois todo o mundo estaría nun entorno de distancia aos colectores, todas as casas nun entorno de menos de 150m aproximadamente, iso o estudo técnico así o diría e en ese momento, unha vez que se tivera ese servizo poderíamos corruxir ou nin sequera faría falla corruxir a ordenanza porque xa todos pagaríamos, porque todos temos (...) é dicir que a idea era, temos un servizo adecuado e pagar todos por ese servizo adecuado pero vostede agora sen darnos ese servizo si que nos incrementa, ou si que ponlle a taxa a todo o mundo estea ou non estea, e é outro feito mais que tampouco compartimos, compartimos que todos temos que pagar, pero non compartimos o feito de non ter un servizo adecuado a este momento, a estes tempos que xa o que temos en quince anos e aínda se (...) vostede cando trae unha nova taxa e sen darlle ningunha mellora á xente que ten os colectores lonxe da súa casa, e iso é o que imos votar agora ¿sabes?

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Guitián ¿mais intervencións? Sr. Gómez, ten a palabra.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Gómez: Pois si, esta é unha taxa que anularon que penso que era necesario como ordenanza de lixo, anulala, non sei si recorda vostede Sr. Alcalde que este Grupo I.X.G. e quen aquí lle fala puxo unha moción aquí a este Pleno para que en vista de que sempre íamos colgando un ano no recibo do lixo, para eliminar desa forma, eliminase un eliminando a ordenanza. Nos propoñiamos coa moción, non cobrar o ano 2016, seguiría a ordenanza pero fixérono daquela maneira pero bueno, destas tormentas veñen estes lodos, ou algo así, non sei como é o refrán pero (...) Vostede tamén se lembra e lembramos todos, na súa campaña política dicía, mentía (...) de que Manolo Gómez era o culpable de que os veciños de Gondomar pagaran o imposto de lixo, iso dicía, non, todo o mundo ten que pagar, o que contamina ten que pagar, pero non foi ese, Manolo Gómez non foi, non foi quen aprobou o recibo do lixo, vostede é o que quere someter agora a unha gran parte da veciñanza de Gondomar sen ter o servizo a cobrarillo, porque agora con esta nova ordenanza, vostedes propoñen cobrarlle o lixo a todo o mundo, ten que pagalo todo o mundo, efectivamente, pero non pode pagar o que está a 150 m ou a menos que o que está a un km. Hai neste Concello algúns barrios, moitos barrios que teñen os colectores a mais de 1 km, e vostede con esta proposta, con este punto que nos trae aquí quere someter a eses veciños a pagar. Vostede quere que paguen inxustamente porque non é xusto nin equitativo que unha persoa que teña o colector a 150 m pague o mesmo que unha que o ten a mais de 1 km, porque estiven mirando

alguns e nalgún barrio están a mais de 1 km, ou á inversa os que están a mais de 1 km paguen mais que os que están a menos de 30 ou 50m. Saía na prensa o outro día dicindo que ían a ter servizo todos os veciños, que ían ter colectores a menos de 150m, eu non sei como vai a facer, porque bueno todos sabemos que a empresa que está agora, que leva un montón de anos e leva prórroga tras prórroga, o contrato prorrogado un montón de veces e non creo que lle vaia colocar agora colectores en ningún barrio nin nada. Pense que ao mellor dentro de seis meses remunicipalizan o servizo, se contrata unha nova empresa, ao mellor dentro de seis meses igual non está neste Concello, ¿quen lle vai colocar agora os colectores a todos eses barrios e a todos isos veciños? Eu penso que iso non é verdade, pero si é verdade o imos ver. Entón, nos tamén queremos, que.. non queremos paralizar o Concello, porque claro si agora imaxínese a oposición que é maioritaria, vota que non, quedan para o ano sen poder cobrar a taxa do lixo. Nos non queremos iso pero ímoslle facer unha proposta; si vostedes, esta é a aprobación inicial, nos neste punto nos imos a abster pero para a súa aprobación definitiva si todos os veciños en todos os barrios teñen o servizo a 150 m ou menos de 150 m ou ao mellor un pouquiño mais incluso, este grupo vai a apoiar isto e senón como en outros concellos, creo lembrar que no de Baiona por exemplo, que creo que é un dos mais equitativos, imos ver, todo aquel veciño que ten o colector a 150m ou menos paga, imos poñer un exemplo a taxa, 50 euros, o que o ten entre 150 e 300 m paga 30 euros e o que o ten a mais de 300 metros paga 20 euros, mais ou menos, nesa liña nos tamén estaríamos de acordo. Si pasou a aprobación definitiva e o trae así, este grupo o vai a apoiar, pero si non ten nin o seguinte posto como se comprometeu ou non cambia a este acordo, este grupo lle votará en contra na súa operación de.. en este momento (...) en principio nos imos a abster.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez, si non lle importa Sr. del Río voulle a contestar porque senón...despois non, vou empezar polo Sr. Gómez, brevemente, simplemente, mire vostedes as propostas que queiran facerlle a este Goberno, benvidas sexan, a ordenanza vai estar exposta e vaille facer vostede as alegacións, as propostas que considere oportuno, por tanto todo ese relatorio de datos que me facilita de non sei a como cobraba o m<sup>2</sup> de colector, os cálculos que facía vostede, faga unhas alegacións, traballe, faga o seu traballo da oposición, séntese, escriba como facemos os demais e eu teña por seguro que si é para os veciños por



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevadra)

suposto que imos a recollerlle iso na ordenanza, claro que si, mire a campaña xa pasou, xa levamos ano e medio de Goberno, mire que vostede aínda ten as feridas abertas, iso non é boa sinal, ( Sr. Gómez di (...) bueno de todas formas iso xa foron tempos, quédalle a vía xudicial, xa sabe, mire para rematar o Goberno propón e leva a iniciativa de facer iso xustamente propostas para gobernar un concello, pero ao final, a decisión final de todo iso témola todos, por suposto, esta é unha proposta que me corresponde a min porque me toca gobernar porque así o quixeron os veciños, por algo será, e vostedes pois propoña o que queira o mesmo lle digo a todos os grupos, fagan as alegacións que consideren e nos valorarémolas, téñao por seguro. Ao Sr. Guitián, home eu non quero estenderme, so lle vou dicir que de todos os gobernos que houbo na historia da democracia de Gondomar si alguén ten un doutorado en como non facer ben as cousas da recollida de residuos sólidos urbáns é vostede, desde un contrato prorrogado, desde as sinaturas de contratos entre as partes gardadas nos caixóns, entre ordenanzas e cobro de recibos duplicados, etc. E a lexislatura pasada si algo se caracterizou, xustamente foi polo debate do lixo, dos recibos e demais, pero eu non digo que non teña vostede a razón eu simplemente me sometín ao criterio das partes e a veciñanza dixo, pois o que dixo, e aquí estou obviamente con outras iniciativas que non teñen porque coincidir coas súas porque entón mal iríamos e por algo estou aquí, porque xustamente as iniciativas son distintas. Nos no seu momento adoptamos o acordo que adoptamos, sobre todo para evitar a duplicidade do exercicio 2016 e 2015, de cobros da taxa como vostede ben sabe, e que podía estar falando largo e tendido pero mire si algo voto de menos en este momento é que non estea Pauliño del Río no Goberno, é unha das cousas pero ao mellor aínda temos sorte e se explica un pouco, polo tanto non lle vou dicir nada mais. Sr. Pauliño ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, dende Gondomar Concello Aberto anunciamos que evidentemente non estamos a prol de esta ordenanza fiscal (...) evidentemente nos non coincidimos co manifestado polo Sr. Guitián supoño que non lle collerá por sorpresa no tema de porque se anulou a taxa do lixo correspondente ao ano 2016, creo que neste escenario foi amplamente debatido de que esa taxa se puxo no 2013, correcto, o devengo do 2013, vostedes non levaron o devengo desa taxa no ano da súa aprobación e iso produciu que en un período de ano e medio se ían a cobrar tres recibos do lixo. No 2016, non imos entrar en moita mais polémica, no 2016 se cobrou a taxa do 2015 e si estivera en vigor a taxa do 2016, a taxa do 2016. Habería dous recibos nun ano natural, a nos non nos parecía correcto, non nos parecía de recibo, vostedes non cumpriron, non fixeron os deberes no Goberno e non pode ser que a cidadanía, os veciños e veciñas de Gondomar quen sufran nunha época como a actual, ¿verdade? a súa falla de xestión. Nos manifestamos por activa e por pasiva, de que si dalgunha maneira non se está (...) Goberno neste mandato nos tiñamos unha promesa electoral compartida con outros grupos de eliminar a taxa do lixo. Dificilmente se pode facer o que di o Sr. Manolo Gómez, dado que, non se pode non pagar unha taxa do lixo mantendo a ordenanza en vigor porque a ordenanza ao estar en vigor produce un devengo desa taxa e o devengo leva inevitablemente a o pago, iso é así, é complicado, non se pode cambiar pero a fiscalidade é un pouco como as mates, despois hai quen di que un mais un son trinta e tres pero normalmente son dous, entón cando unha taxa está en vigor ten unha serie de efectos, nos guste ou non nos guste e nos consideramos que para anular ese beneficio prexudicial para a cidadanía que implementou o Goberno do P.P. había que por un ano derrogar esa taxa, se pagou 14, 15, 16, 16 se pagou o 2015, non producía un quebranto para as arcas municipais, e a partir do 2017, xa se producía a ordenanza fiscal co seu devengo e o seu pago, é dicir que as arcas municipais recibían cada ano unha cota tributaria por parte dos cidadáns, iso é o que había e





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

por iso se fixo, por iso se anulou, se derogou esa taxa por un exercicio e agora o Goberno a trae de novo para que estea en vigor no 2017, ben dito isto nos pensamos que esta taxa e así o manifestamos aquí adoece de algunha que outra tacha, sobre todo en canto aí adoece de algunha que outra tacha, sobre todo en canto ao artigo dos beneficios fiscais e nos tentaremos en fase de alegacións levar, por exemplo so hai, so se recollen, creo lembrar que o 50% aos parados con 1,3 do IPREM, do Índice de Rentas para Efectos Múltiples. Nada mais, bueno e o 99% do tema de Comunidades de Montes e Asociacións e paro, pero nada se di por exemplo das rendas con ingresos (...) reducidos, este ano non estean parados, nada se di por exemplo das familias numerosas, nada se di por exemplo dos maiores de 65 anos, nada se di por exemplo das vítimas de violencia de xénero que debían estar tamén beneficiadas tamén nesta taxa como moitas outras, nada se di por exemplo do desemprego de longa duración de maiores de 22 anos ou das persoas dependentes e dende Gondomar Concello Aberto consideramos que todos estes colectivos son merecentes de beneficios fiscais e así o faremos mediante a oportuna alegación ao Goberno primeiro e ao resto dos corporativos que despois no Pleno terán a decisión de sobre si aceptar este asunto ou non. En canto ao tema dos 150 m pois evidentemente é un tema controvertido tal como estaba nesta ordenanza, non deixaba de ser unha exención encuberta directamente, polo tanto non tiña demasiado senso metela desa maneira pero ao mellor hai que buscar unha fórmula que evidentemente tendo en conta iso que parece ser que todos estamos de acordo en que ninguén a paga e que todos dalgunha maneira é evidente que produciron residuos sólidos ¿correcto? e polo tanto temos que pagar unha cota, ao mellor o servizo que recibimos non é o mesmo para todos e polo tanto ao mellor habería que buscar algunha fórmula que puidera articular que a cota tributaria resultante, o cadro de tarifas non fora exactamente igual para todos, non o sei, hai sentenzas recentes no concello de Redondela por exemplo de veciños e veciñas que acudiron aos tribunais ao respecto de este tema e os tribunais lle deron a razón, e polo tanto é un tema que está aí e nos teremos unha serie de reunións entre Gondomar Concello Aberto e algunha que outra asemblea aberta á cidadanía para tratar o tema da taxa do lixo e logo presentaremos as alegacións oportunas e pertinentes, polo tanto dito isto e nesta media aprobación inicial e a expensas do que ocorra co trámite de exposición pública e alegacións nos nós imos a abster.

Sr. Alcalde: Moitas grazas ¿alguén quere contestarlle ao Sr. del Río? ¿Ninguén, da oposición se sinte aludido para contestarlle? Vostede, Sr. Gómez pode, ten a palabra.

Sr. Gómez: Simplemente dicirlle que ten a razón e bueno, si vostede di que hai que buscarlle unha fórmula, de compensar aos que están mais ¿non? a mais de 150m, dicía que hai algunha sentenza, non sei si a leron na prensa ou a miraron o outro día, un xuíz dálle a razón a unha chapelana, chapelana debe de ser de Chapela, pertence ao concello de Redondela, a unha chapelana que esixía unha redución na taxa no servizo do lixo, reclamou un descenso da cota ao situarse a súa casa a mais de cen metros do colector, estaba a mais de cen metros e o xuíz deulle a razón, aínda así pense nos que están a un km Sr. Alcalde, simplemente lembrarlle iso, nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Gómez, bueno si Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Sen ánimo de polemizar Sr. del Río, hoxe mesmo na web pode vostede descargar un bando, asinado por quen lles fala que di, voulle ler un parágrafo: "así mesmo establecer o acordo da taxa do lixo correspondente ao servizo do ano 2015, no segundo período de cobranza que resulte da aprobación do calendario fiscal do ano 2106" é dicir, nos cando estabamos no Goberno cobrábamos tódolos anos a taxa do lixo do ano anterior (...)ben



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde, nos xa lle explicamos a nosa postura, (...) estamos un pouco falando do que dicía antes de ser coherentes e construtivos, a min, este grupo como lle dicía me parece que se cobraba a taxa do lixo, así o fixemos cando estabamos no Goberno e agora pois aínda que nos vostedes (...) (...) por ser construtivo, construtivos aínda que non sexa (...) imos a absternos, pero imos a absternos condicionados e lle explico, a taxa non está en vigor, a taxa non está en vigor que me entendan ata que se aprobe definitivamente, entón o devengo enténdenos que é 1 de xaneiro de este ano e que debe vostede de aprobar a taxa antes do 1 de xaneiro do ano que ven, perdón. Ben, a nosa condición vai ser, dado que vostede quere poñer unha taxa, cobrarlle a quen ten o colector estea a 150 ou a distancia que sexa, a nosa condición será, nos faremos alegacións pertinentes, que cando traia aquí a taxa á aprobación definitiva, in pouco na liña que explicaba o Sr. Gómez, nos si xa vostedes teñen ou licitado ou digamos en principio licitado ou xa preparado para a municipalización do servizo, quero dicir nunha fase que se mire que nos seis seguintes meses do ano ou nos seis seguintes meses ou nos seis primeiros meses do ano que ven podamos ter un servizo adecuado a estes tempos, nos lle votaremos a prol nese momento á ordenanza si se fan as modificacións ou as alegacións que se consideren pola nosa parte ou que se establezan, senón nese momento lle votaremos en contra, é dicir, nos o que queremos é que efectivamente exista unha taxa, que se cobre por esa premisa de quen contamina paga, pero ao mesmo tempo o que queremos é que exista un servizo adecuado e moderno para este momento no que vivimos e que todos teñan o mesmo grado de confort, si se pode dicir, en isto. Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Guitián, grazas, grazas a todos por, polas intervencións e por facer unha ordenanza mellor entre todos, que de iso se trata, eu encantado de recibir as alegacións, valorarémolas, e nada, si é a vontade de todos facer unha ordenanza determinada, pois a faremos, por suposto.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

***O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 7 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal M.M.; 10 abstencións: 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, 3 do Grupo Municipal I.X.G., e 4 do Grupo Municipal do P.P.; e ningún voto en contra, acorda aprobar inicialmente a proposta arriba transcrita.***

### **3.- Nomeamento de fillo adoptivo a D. Victoriano Taibo.**

*Pola concelleira de Cultura Nuria Lameiro Valverde dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 30.09.2016, que literalmente di:*

**ASUNTO: PROPOSTA PARA CONCESION A TITULO POSTUMO DE FILLO ADOPTIVO DE GONDOMAR**

*“Vista a proposta de Alcaldía de data 30.09.2016, que literalmente di:*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*Nuria Lameiro Valverde, cumprindo coa proposta de alcaldía do nomeamento como instrutora do procedemento da referencia, de data 30 de setembro de 2016, e de acordo co estipulado no artigo 12 do Regulamento de Honores e Distincións vixente neste Concello, procédese a recompilación de datos, obtención de probas e determinación de actuacións, en orde a precisar os méritos concurrentes na persoa de*

*D. Victoriano Taibo García, para que sexa distinguido - a título póstumo - como FILLO ADOPTIVO DO MUNICIPIO.*

*Incorporase ao expediente un historial que permite coñecer unha axustada semblanza da vida do mestre Vitoriano Taibo.*

*Deste historial, hai unha conclusión evidente que ninguén pode negar:*

*Vitoriano Taibo, que naceu en Santiago de Compostela o día 25 de abril de 1885 e finou en Vigo O 13 de marzo do ano 1966, foi un persoeiro moi comprometido co movemento Galeguista, que o levou a involucrase de forma activa e importante na creación e difusión das Irmandades da Fala.*

*Colaborador habitual de mais de corenta revistas e xornais de altura (non so da península, senón tamén de América), estivo integrado no portugués Instituto de Estudos Históricos do Minho e en 1948 ingreso na Real Academia Galega co discurso, respondido por Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, precursora da fala, publicado pola institución en 1972.*

*Ademais de abundante obra espallada en diversas publicacións, Victoriano Taibo viu editados tres títulos da súa autoría: os poemarios Abrente, versos galegos (1922) e Da vella roseira, cántigas orixinais (1925) mais o libro narrativo Da Agra aberta, contos e lendas (1956); e postumamente, rescatados recentemente, Abicedo e Cabrifollas (2008) Lembranza da tecedeira (2013) e Contos pequenos (2016)*

*O exercicio da súa profesión de mestre levouno a Ortigueira, Cambre, Xinzo de Limia, Morgadáns e finalmente a Vigo, onde moraría ata a súa morte, acontecida o 13 de marzo de 1966.*

*O seu legado cultural e moi amplo como queda reflectido na documentación que forma parte do expediente.*

*Vitoriano Taibo, estivo vinculado durante 20 anos, na etapa mais frutuosa da súa vida, a parroquia de Morgadáns, o que lle levou a ser admirado e querido entre a seus veciños pola súa labor cultural, pola súa ensinanza, pola súa popularidade, pola sinxeleza e amabilidade, pola súa involucración na parroquia, que levou a que Morgadáns, a Entidade Local en colaboración co IEM lle crease un certame de poesía co seu nome.*

*Por todos estes méritos que atesoura este persoeiro dedicado íntegramente á cultura, afincado en Morgadáns e lembrado polos veciños, propoño ao pleno do Concello, co*

*ánimo de recoñecer a súa labor, e de conformidade co disposto no Regulamento de Honores e distincións do Concello*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*Conceder, a prol de D. VITORIANO TAIBO GARCIA o título de FILLO ADOPTIVO DO MUNICIPIO DE GONDOMAR, a título póstumo, por concorrer na devandita persoa, méritos persoais e multitude de servizos prestados a prol dos veciños de Morgadáns.  
Gondomar, 30 de setembro de 2016.*

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Concelleira ¿intervencións? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Unha cuestión Alcalde, ¿qué estamos a aprobar en este punto? Porque o luns na Coisión dixó unha cousa e me dá a sensación de que isto é a proposta de outra.

Sr. Alcalde: É a aprobación a iniciar o expediente, iniciar o expediente para recadar a información necesaria e si procede na seguinte sesión Plenaria, pois nomear fillo adoptivo a D. Victoriano Taibo.

Sr. Guitián: É que o que imos a aprobar en caso de voto afirmativo é o inicio de expediente para nomeamento de fillo adoptivo a D. Victoriano Taibo (...)

Sr. Alcalde: Si certo, si, si, como se fixo tamén ca medalla de ouro ao F.C. Gondomar, iniciaremos o expediente, creo lembrar que temos, ten un mes a Concelleira para elaborar toda a documentación e facer unha proposta definitiva, argumentada a este Plenario, para, si ~~procede, facer e levar a cabo o seu nomeamento. Grazas.~~


Sr. Guitián: Bueno pois pola nosa parte, pola nosa parte imos dar apoio, loxicamente nos participamos que a historia sexa algo (...) (...) nos participamos que a comisión de Goberno sexa tan...que facía a entidade local (...) (...) unha moción para solicitar o seu nomeamento para o día das letras galegas, bueno nos parece moi ben que haxa que recoñecer a personaxes que tiveran que ver algo coa vida pública, a vida do Concello, pois imos proceder a ese apoio sen mais.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Guitián ¿intervencións?se non hai...Sr. Paulino, Sr. Pauliño, perdón.

Sr. Pauliño del Río: Si Sr. Alcalde, visto que a proposta a este Pleno non coincide coa que manifesta vostede agora, visto que hai unha resolución da Alcaldía de inicio do procedemento para a concesión – a título póstumo - de fillo adoptivo de Gondomar feita por vostede, iso foi unha resolución de Alcaldía asinada o 30 de setembro de este ano Sr. Alcalde tal vez debería vostede modificar a proposta de Alcaldía para que quedara clara, iso o acaba de dicir agora que o que imos aprobar aquí non é a concesión, imos a facer as cousas ben, senón iniciar o expediente para recabar a documentación necesaria para conceder a D. Victoriano Taibo García o título de fillo adoptivo de Gondomar, deberíamos de cambiar a proposta de Alcaldía que vostedes traen ao Pleno si lle parece ben.

Sr. Alcalde: Si, me parece correcto, aínda que na resolución de Alcaldía se fala da proposta, resolvo iniciar o procedemento de concesión a prol de D. Victoriano Taibo García, o título de fillo adoptivo, fala de iniciar, pero si que é certo que a proposta da Alcaldía no derradeiro parágrafo si que fala de conceder a prol, cando debería ser iniciar tamén o procedemento para valorar, recadar a información necesaria e tralo a este Plenario. Entendemos entón de emendar a proposta e onde, - dime o Secretario que temos que votar a emenda da proposta – onde poñemos conceder a prol é iniciar o expediente para o nomeamento de Victoriano Taibo.

Segundo as indicacións do Secretario, o Sr. alcalde somete a emenda da proposta de Alcaldía a votación ordinaria co seguinte resultado:



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a emenda da Proposta de Alcaldía de data 30/09/2016, coa rectificación anterior.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta da Alcaldía emendada e ratificada no presente Plenario a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar o inicio do procedemento de concesión a prol de D. Victoriano Taibo García, do título de Fillo Adoptivo de Gondomar, a título póstumo.

#### **4.- Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora de Medio Ambiente, limpeza e convivencia.**

~~Polo concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, tenente alcalde Antón Araúxo Quintas dáse lectura da proposta de Alcaldía de data 30-09-2016, que literalmente di:~~

ASUNTO: APROBACION INICIAL DA ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE GONDOMAR

"Vista a proposta de Alcaldía de data 30.09.2016, que literalmente di:

O noso entorno máis inmediato proporciona os recursos esenciais para a nosa vida e existencia e por iso é fundamental o seu coidado e preservación. Os Concellos teñen un reto moi importante na xestión do Medio Ambiente e na concienciación cidadá, tanto na utilización dos recursos, na xestión e separación dos residuos, no aforro enerxético, ou na contaminación da auga, do aire e do solo, e a súa repercusión no cambio climático como garantía de futuro.

As novas tendencias na Reforma do Goberno Local en España, indican que os concellos deben ter competencia para formular e aplicar unha política municipal para a protección do medio e o desenvolvemento sostible da comunidade, e para someter á control preventivo todas as actividades que se desenvolven no seu termo municipal e poidan afectar ao Medio Ambiente, adoptando as medidas necesarias para a súa protección.

Neste sentido as medidas de protección do Medio Ambiente, de xeito mais inmediato, contemplan minimizar a produción de residuos, separar a recollida, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro, entre outros, como garantía de calidade de vida e de benestar.

Para que esta protección se poida levar a cabo de xeito eficiente, debe contar co compromiso da cidadanía e coa participación e implicación de toda a comunidade, así os concellos deben promovelos e difundilos na comunidade escolar e universitaria, nas asociacións, empresas, institucións e nos medios de comunicación.

De forma específica, a participación ambiental é un proceso que posibilita a implicación directa dos cidadáns no coñecemento, na valoración, na prevención e na corrección dos problemas ambientais. E por iso o fomento da educación ambiental e da participación cidadá ao respecto



*considerarase un obxectivo estratéxico que impregnará cada unha das actuacións que se desenvolven na xestión do medio rural e urbano a nivel municipal.*

*Toda esta actividade municipal e cidadá tería que articularse e potenciarse como unha contribución dende o local á efectividade do dereito constitucional a un "medio axeitado", proclamado e consagrado no artigo 45 da nosa Constitución, precepto no que tamén se establece o deber de conservalo, como un xeito de solidariedade colectiva co medio.*

*Como idea previa hai que deixar clara a necesidade de ter en conta a variable ambiental nas distintas decisións e plans referentes ás políticas que desenvolva unha Administración Local (transporte público e mobilidade, desenvolvemento local, urbanismo e planificación territorial, turismo, comercio, participación cidadá, educación e infancia, etc), pois, non é incompatible o desenvolvemento da Cidade e a protección do medio urbano.*

*O debido coidado do noso contorno pode achegar moitas posibilidades de futuro para os territorios. Neste sentido, considérase necesario apostar por unha idea de vila entendida como un ámbito de vida saudable, equilibrada na ordenación do territorio, na que as persoas sexan o principal centro de interese da actuación municipal.*

*Considerando que a lei reguladora das bases de réxime local (LBRL) recoñece aos municipios competencia en materia de protección de medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.b) e j), facultades para o exercicio das potestades necesarias para levar a practica tal competencia, no marco da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas*

*No exercicio das atribucións recoñecidas nos artigos 22.2 d) e 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa lei 5/97 da Administración Local de Galicia, pola presente propoño ao pleno da Corporación Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE GONDOMAR que se acompaña a seguinte proposta.*

*2º.- Someter este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello polo prazo de 30 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se teñan presentado reclamacións, procedéndose á publicación do texto integro do mesmo no B.O.P. e no Taboleiro de Edictos do Concello.*

### **DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde:** Moitas grazas Sr. Concelleiro, convén si se me permite dicir que a ordenanza que regula o Medio Ambiente en Gondomar e de algunha maneira a convivencia en este sector, data de fai vinte anos do 1996, polo tanto estamos traballando, estamos operando con unha ordenanza que ten mai de vinte anos, co cal como saben vostedes non fai falla dicir que se queda anacrónica, porque si poñemos agora un exemplo do tratamento do amianto naquelas datas e do tratamento que sofre hoxe, por exemplo as chapas de uralita é un exemplo xa claro de como cambiou isto e os avances que se deron na protección do medio ambiente. Tamén incluímos na mesma un glosario de termos que é importante para saber como chamarlle as cousas polo seu nome e ao mesmo tempo que fan unha descrición do mesmo concepto e con un procedemento ademais sancionador acorde cos tempos actuais que incluso introduce como novidade non so o procedemento sancionador de maneira pecuniaria senón tamén en traballos en beneficio da comunidade como pena, enténdase así, accesoria a esta primeira. Como tamén lea o Concelleiro de Medio Ambiente, trátase dunha ordenanza que se vai a aprobar




CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

inicialmente si procede, necesaria para este Concello, para establecer as normas de convivencia entre a veciñanza e para poder erradicar ademais determinadas accións, improcedentes e totalmente contrarias ao dereito, como se están detectando en cantidade ou puntos determinados do noso termo municipal, vertedoiros totalmente clandestinos, incontroladas, que temos que traballar n senso. Sen mais, si teñen algunha intervención a este respecto, si Sr. Durán, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Grazas Sr. Alcalde. Boas tardes a todas e a todos. Efectivamente ten vinte anos a ordenanza que está en vigor, os mesmos anos que ten o contrato coa empresa (...) do lixo, e ese é precisamente un dos puntos que queremos resaltar con respecto a esta ordenanza que a consideramos necesaria polo que acaba de expoñer o Sr. Alcalde, da adaptación que si a nova normativa, de materiais que tiñan unha regulación e agora teñen outra e todo ese tema, pero na propia ordenanza, vostedes no artigo 22 onde se fala dos colectores din que: *"para o cumprimento da súa obriga de recollida de residuos, o Concello colocará colectores das diferentes tipoloxías para o depósito das correspondentes fraccións en función da poboación á que afecten."* É dicir, traemos aquí para aprobar inicialmente unha ordenanza, queremos que a veciñanza a cumpra, senón cumpre, se comenten infraccións se quere sancionar pero dende a administración non se lle poñen os medios necesarios no que respecta ao tema da recollida do lixo (...) porque o Sr. Alcalde e o Sr. Concelleiro recoñecerán as carencias que temos, especialmente xa non soamente no casco urbano senón nas parroquias no que se refire a colectores de papel, cartón e vidro, porque a recollida de aceite xa de uso doméstico, de aceites usados xa non falemos, da recollida de pilas (...), entón aquí estamos adiantándonos no que é unha ordenanza para sancionar pero os medios non están actualizados ao ano 2016, probablemente os medios son exactamente os mesmos que no ano 2016. Entón vólvolle a lembrar a necesidade de que se modernice o servizo (...) para pode esixirle á veciñanza que sexa respectuosa co medio ambiente. Soamente pense en iso que lle estou falando de outro tipo de colectores, pero para levar vimbia ou para levar papel (...) ás parroquias, home non dende logo non queremos que vaia servir (...). Entrando en materia, un pouco estudando o articulado desta ordenanza, eu lendo algúns creo que esta ordenanza está claro que non foi feita pensando en Gondomar, senón que está sacada de outro Concello, creo que debe de ser iso, foi Lalín ¿verdade?

Sr. Alcalde: Xa llo dixen

Sra. Durán: Evidentemente aí hai unhas explotacións agrarias, unhas extensións que por exemplo pois fan que sexa posible aquí nos artigos 25, nos artigos 25,26, o capítulo 2 que se refire a residuos agrarios, falan vostedes de que cando un veciño queira estercar unha finca porque queira votalo na súa horta si ten preto vivendas, xa sexa na súa propia finca ou na finca do lado, ten que deixar 10 m a cada lado libres sen estercar, imos a ver (...) o esterco, si ademais ten un rego de auga para evitar as escorrentas e o tema das filtracións outros dez, eu non sei si coñece a realidade das fincas deste concello, porque si temos que deixar 10 m a un linde, outros 10 a outro, e imos cumprindo cos catro lindes pois non da nin para un cento de repolos. Evidentemente para Lalín pois ten outro senso, pode ser, concentración parcelaria, grandes extensións e polo tanto é posible e chamoume moitísimo a atención o tema de que cando no caso de existir vivendas que se usen produtos para evitar os malos cheiros, os que nacemos nunha aldea sabemos que o esterco cheira, esteamos a 10 ou esteamos a 50 m, e sen entrar aquí agora a destacar os tipos de esterco, a iso me refiro cando creo que esta ordenanza non está adaptada e ademais é que ven con moita premura porque fai uns días tivemos unha Comisión e lle foi entregala nese momento ao concelleiro, e se así non se falou cos grandes grupos nos dixeron que ao mellor era un tema para votalo ou que non viñera con tanta premura, eu xa sei que é por todo o que está saíndo, que dicía vostede, Sr. Guitián será recordado vostede polo desastre na recollida do lixo, pois vostede leva ano e medio e segue lucíndose (...)o Alcalde, tendo que estar aí, e vostede tamén pensa que igual esta ordenanza vai ser a solución a todo (...) entón de como se vai a resolver ¿vale?, está claro que é un



problema de concienciación da cidadanía. O tema dos plásticos agrícolas (...) (...) que utilicen propiedades nas que teñan isto, pero bueno para as que haxa pode estar ben Despois algo que quería era iso de dicir que (...) condicións salvo que lle viñera mal os artigos da ordenanza. Lle rogo Sr. Alcalde que si pode pedir (...)

Sr. Alcalde: Perdón, pídlle, rógolle aos asistentes que permanezan calados. Grazas.

Sra. Durán: Grazas Sr. Alcalde. Con respecto aos restos de comidas, e que por un lado está prohibido votalos no colector, despois se nos di que no colector verde si van restos de comidas, e que non teño moi claro si é obrigatorio o compost, a compostaxe, si é algo voluntario, eu creo que hai contradicións, lendo, non me quedou claro, hai sitios nos que está prohibido votar restos de comida no colector pero despois cando especifican o que ten que ir ao colector verde pois aí se fala de restos de comida, os aceites vexetais quedan excluídos faláballe antes deso de que fan tamén, si queremos que a xente recicle pilas, os aceites de uso doméstico non poden recibir en casco urbano porque si todas as parroquias teñen que ir ao punto do casco urbano a levar os aceites pois difícil (...) Animais de compañía, falan aquí vostedes e din que queda prohibido que eses animais domésticos penetren no céspede ou zoas axardinadas, creo que é necesario determinalo porque eu penso no parque das ánimas si queda prohibido a partir da entrada en vigor de esta ordenanza que os cans, os gatos ou o que sexa, animais domésticos estean sobre a herba, porque céspede non é , é herba no parque este (...) si iso é así o parque da Ponte das rosas exactamente o mesmo, xa sei que está prohibido nos parques (...) (...) pero quería saber si agora os donos ou donas de istos animais de compañía os teñen que levar sempre por zoas que sexan de terra (...) pero si vai haber sancións porque os animais entren nas zoas verdes e pensando nas necesidades fisiolóxicas dos animais pois si é mellor que as van a permitir que as fagan, zona de terra ou asfalto, menudo tema de conversación, ou si se lles vai permitir entón entrar na herba e que claro a obriga por suposto dos propietarios é (...) pois é evidente retirala pero non o van a poder facer os animais entón nunha zoa verde, polo que eu aquí entendo ¿eh? Non sei si é así ou si non é así pero queda expresamente prohibida a entrada de cans dentro de os xardíns e penetrando ao céspede, creo que é un tema a tratar polo que poida dar lugar, ¿non? Outro tema, horarios, parece que queda como no casco urbano, no tempo de verán deberase sempre deixar a partir das 21.00h , se é así o tema da recollida a domicilio dos comercios que lle chaman, non lembro o nome, que son os que deixan a caixa de papel, carteis, cartóns e demais, que din que nunca antes das 21:00 h ¡coidado cos horarios dos comercios en Gondomar! Porque algúns pechan as oito da tarde e iso non o van poder deixar nunca antes das nove. Fora do verán, no resto do ano poderán deixar o lixo nos colectores a partir das 18:00 h. Pero ¿qué pasa nas parroquias? porque nas parroquias parece que van vostedes como... preferentemente déixeno vostedes despois das 21:00, preferentemente e despois establecen ademais dentro do que son os horarios (eu estou falando de memoria porque isto é.....) din que se adaptará aos tempos de recollida ¿qué pasa, nestas zoas das parroquias en onde a recollida do lixo se fai tres veces por semana? significa que o feito de votar a basura calquera outro día ¿é sancionable?. Unha cousa e o horario e despois está a xornada do que son a retirada, a recollida do lixo, tense que adaptar ao que teña a concesionaria, polo tanto si hai tres días á semana, sobre todo o digo porque todo isto haberá que darlle un tempo, unha información suficientemente ampla e directa á veciñanza, porque non vaia a ser que alguén con toda a boa intención do mundo solte aí no colector un luns e resulta que ata o mércores non lla vaian a recoller e como a pillen votando o lixo o luns pois xa ten unha sanción e o importe non é nada económico, outro tema que creo que si deberían de tratar, de aclarar. Bueno hai outras cousas nos residuos de mercados que falan aquí no apartado c, no apartado d, din cando así o establece o concello, eu me pregunto onde van a establecer, nunha norma en concreto ou...non sabemos, creo que queda un pouco no aire e francamente non sei a que se refire. E bueno chegando un pouquiño ao tema do que son as infraccións hai erros na redacción que son contradicións directas. Vostedes empezan a falar por exemplo no artigo 65,





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

que falan de normas de conduta, no apartado n) din; "realizar necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, orixar, cuspir, en calquera dos espazos públicos ou privados de aplicación desta ordenanza, e engaden, cando estas accións se realicen en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga sobre mobiliario urbano ou calquera outro ben público ou privado será considerado falta moi grave" e resulta que logo, cando as clasifica, iso está considerado como infracción leve, no artigo 67, creo que é contradictorio, entendo que a idea é que si está nun sitio onde hai menores, un sitio moi concorrido, non poderá aparecer ou si ao mellor é unha infracción leve pois si non hai menores, non o sei ou si son zoas non concorridas, pero está claro que si no apartado a n) din que son moi graves non poden aparecer no artigo 67, senón que tería que aparecer no artigo 69. Despois dentro do artigo 69, aparecen dous apartados o a e o b, pois o b) tamén ten un erro na parte final porque di; "depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo en terreos públicos ou privados, marxes dos ríos, na vía pública, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave" entendo que este é un apartado que ten que entrar no das infraccións leves, salvo que pola súa entidade teña que ser cualificado como grave ou moi grave, a colocación... o digo porque nunha infracción leve si que teñen o tema da comida nos colectores (...) existe primeiro prohibido, despois é permitido no verde, entón que bueno que quede isto claro para saber si se pode sancionar ou non se pode sancionar. O importe das sancións, as leves con multas de ata 750 euros, imos a ver, eu a quen lle corresponda esta decisión ~~creo que debería de establecer outros criterios porque non é o mesmo pois~~ efectivamente facer as necesidades fisiolóxicas nun banco que tirar un envoltorio dun caramelo e pois que habería que (...) gradual e despois que quede claro porque a competencia é súa ¿verdade Alcalde?

Sr. Alcalde: Si, si estou escoitando.

Sra. Durán: (...) (...) vostede total e absolutamente esa liberdade para admitir pois esa (...) (...), porque exactamente (...) creo que o importe, igual habería que establecelo, ao mellor non ten que haber un mínimo ao mellor hai que (...)

Sr. Alcalde: Acta, acta, para iso hai un instrutor do expediente

Sra. Durán: Por iso non vaia ser simplemente a súa...

Sr. Alcalde: Non , a miña non,

Sra. Durán: A do instrutor

Sr. Alcalde: A do instrutor, que ten discrecionalidade, a discrecionalidade en dereito administrativo, como vostede sabe,

Sra. Durán: Pois entón eu o creo que si

Sr. Alcalde: Entón, o instrutor instrúe e el propón e despois sanciona, quen ten que sancionar

Sra. Durán: Si, si perfecto, ok, se sanciona (...) tirar un envoltorio, entón igual a cualificación hai que modificar as infraccións leves, porque claro das leves meteron demasiadas ¡eh! e igual a algunhas que igual hai que darlle unha cualificación maior, porque non é o mesmo, non é o mesmo

Sr. Alcalde: Entón aí queda dissociada, queda totalmente.....pois contéstolle cando remate vostede despois falo eu.

Sra. Durán: Nos creemos que pola premura, esta rapidez que supoño que será polas últimas, estas últimas novas que sacaron os medios de comunicación polo tema de eses residuos incontrolables, os restos que afean tanto e que trae unha ordenanza que probablemente pois queira un estudo, mais profundo, o digo porque practicamente tería que derogar todos os



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

artigos, eu non sei si nunha fase de alegacións (...) tamén, de entrada, nos consideraríamos mais oportuna que se deran un tempo, que a consensuasen entre os grupos e non (...) que practicamente pois bueno vai a ser tan diferente que creo que non é acorde para resolver no trámite de alegacións, polo momento nada mais.


Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Durán, teño que dicirle que algunhas cousas si que é certo que comparto con vostede, ao mellor é deformación profesional, ¿non? sabe que si traemos o Código Penal aquí e o poñemos enriba da mesa votaríamos discutindo sobre el moitísimas horas e nembargante é un documento que está aí aprobado e aplicable no noso ordenamento xurídico con plena validez. A ordenanza non deixa de ser un texto legal, onde obviamente, a uns lle pode gustar mais e a outros lle pode gustar menos, pero si que é certo que o Goberno ten que levar a iniciativa de presentar un documento par corrixir determinadas condutas que non son boas para o noso Concello nin para a convivencia, nin para a veciñanza, polo tanto falaba vostede de premura, pois claro que si que teño moita premura en traer esta ordenanza¿cómo non vou a ter premura, como Alcalde do Concello de Gondomar, e non traer unha ordenanza, pero xa, cando levamos cunha ordenanza que ten dúas follas, malamente, e ten vinte anos? Pois claro que si, que teño que traer esa ordenanza con premura, teño que traela ademais a este Plenario un Prego de Condicións para facer a contratación de recollida de sólidos urbáns, do punto limpo, da recollida de pilas, de cartón, de vidro,¿sabe por qué? Porque levamos moitos anos cun contrato en precario, xa non digo prorrogado, en precario, con acordos, imos a deixalo..privados entre o Alcalde e a empresa que presta o servizo, ~~cos recursos, cos recursos de Intervención Municipal, mes a mes reparando esas facturas porque~~ non hai contrato e eu levo no cargo un ano, e ademais era unha competencia que non asumía directamente este Alcalde nin este Concelleiro de Medio Ambiente, senón que a asumía outra persoa, e como vostedes saben, cando nos chegamos aquí, dende o minuto cero o que fixemos foi regularizar a situación irregular que había neste Concello dende hai mais de dúas décadas e empezar a redactar Pregos de Condicións para aprobar a concesión dunha empresa encargada dos residuos sólidos urbáns, se elaborou un estudo sobre a mesma, se fixo outro estudo sobre a viabilidade que vostedes teñen no seu poder, de municipalizar ou non municipalizar o servizo, qué era o mellor para este Concello e o teñen , e teña por seguro, que unha vez que quede dalgunha maneira aclarado si debemos privatizar ou debemos externalizar o servizo da recollida de residuos sólidos urbáns, unha vez que iso quede aclarado, imos traer o Prego da contratación da empresa, si externalizamos, e senón teremos que asumir o servizo de maneira propia, interna, cos recursos deste Concello pero non podemos seguir con esta situación en precario e con estes reparos de intervención constantes ao pago dese servizo, de aí a miña premura, pero non so a premura de entrar nesta ordenanza, senón a premura en aprobar a contratación da empresa encargada de levar a cabo iso, por suposto. Esta ordenanza como vostede ben di, pode ter algún erro, obviamente pero estamos nun proceso inicial, da súa aprobación inicial e esta é a proposta e a iniciativa dun Goberno para regular unha conduta determinada entre a cidadanía. Vostedes como representantes deas cidadanía, igual que nos teñen unha obriga tamén, que é participar na elaboración da mesma, teñen todo un mes e eu lle digo a vostede e ademais recóllolle a luva para que presente esas alegacións e eu non teño ningún inconveniente nin temos este Goberno de recollelas si creemos que son boas, porque ao final a decisión de esta ordenanza non vai ser deste Goberno, e nunca mellor dito, cando gobernamos en minoría, vai ser desta Corporación polo tanto é moi importante que vostedes participen e que ademais sexan parte directa da aprobación e da elaboración desta ordenanza e en iso estamos pero non podemos seguir mais tempo en precario nin en esta situación, e dende logo espero que antes, o Sr. Guitián voceiro do P.P. poñía un condicionante, incluso á aprobación dunha ordenanza anterior, de que nun prazo de seis meses sexamos quen de encauzar a contratación do servizo da recollida de residuos sólidos urbáns, por suposto, non lle digo seis meses, é que ten que ser antes como moi tarde, no caso de que decidamos externalizar o servizo, eu espero que no segundo trimestre do 2017 entre en funcionamento a nova empresa, espero, pero tamén o



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

digo, sabemos que os gobernos se moven en prazos administrativos, en dereito administrativo, e iso vai supeditado a unha serie de normas, entre outras a súa publicación ten que ser 52 días, e entón iso nos pode levar mais ou menos, informes técnicos, de intervención, etc...e para rematar, eu teño a conciencia moi tranquila como Alcalde porque levo un ano, e en un ano demos pasos firmes e contundentes no mantemento dos residuos sólidos urbáns e na recollida dos mesmos, demos pasos, e unha proba é o que traemos aquí, unha ordenanza para establecer ademais os criterios de convivencia e incluso adoptar medidas coercitivas e disciplinarias pola vía pecuniaria e polos traballos en beneficio a comunidade si é necesario. Serán infraccións graves, para vostede leves, será discutible a contía, pero as leves so ata 750, dende, entón o instrutor dun expediente que é un funcionario de carreira, habilitado a tal efecto, con imparcialidade política no exercicio das súas funcións, é quen de instruír ese expediente de maneira obxectiva, transparente e axustada a dereito, e cando faga a súa proposta, dimanante das actuacións levadas a cabo, este Alcalde, si lle corresponde será quen sancione, pero non arbitrariamente segundo lle caia ben un ou outro, senón segundo a proposta dese funcionario que sobre el prima a imparcialidade política, a obxectividade e, como vostedes saben, a súa profesionalidade, e polo tanto non queda na man nin no criterio do Alcalde de ser mais duro porque un sexa dunha cor ou porque lle caia mal, ou porque tire a cabicha diante del, non, iso non funciona así e vostede o sabe como xurista. Esta é ordenanza que propoñemos par a súa aprobación inicial, por suposto, recollendo as achegas que vostedes fagan para que sexa a mellor ordenanza para Gondomar, e nesa fase estamos. Sra. Durán, eu ademais sei que ~~vostede sabe do que fala e eu lle agradezo ademais que faga ese traballo de fiscalización de~~ corrección incluso gramatical e informática, léndose detidamente esta ordenanza e que nos aporte ademais a documentación e todas as ideas que estou seguro que vostede terá. So lle voto en cara ou lle reprocho ao grupo Popular, unha cousa, e eu non quería entrar en iso por aquilo de non avivar moito o ambiente. ¡Qué mágoa, que durante catro anos que vostedes gobernaron, qué mágoa, tendo os cofecementos e as ideas tan claras, qué magoa que incluso tendo a maioría absoluta non a houberan traído e non houberan regulado isto sen que a veciñanza tivera que relegalos a vostedes a un segundo plano e poñerme aquí para solucionar o problema! ¡qué magoa! Sr. Durán, ten vostede a palabra.



Sra. Durán: Si, grazas Sr. Ferreira, os comentarios que fai vostede así con esa graza, que quizá vostede considera que ten, a min francamente me entran por un oído e me saen por outro. Fala vostede con ese chiste, so teño que dicirle que o goberno anterior antes de traer unha ordenanza o que fixo foi mellorar o servizo, vostede ten moita premura para solucionar pero non ten premura ningunha...Mire o Goberno anterior deixoulle xa, o estudo feito, para cando vostede entrou como Alcalde e estamos a outubro de 2016 e aínda o Goberno non ten claro o que vai facer, pois teña pois a ver, teña vostede esa premura, primeiro por mellorar o servizo e despois por sancionar, e por suposto que sei como funciona o expediente, non sei quen será o persoal encargado de facer as inspeccións, sei que vai intervir a Policía, xa veremos logo a efectividade que teñen, tampouco me dirá que isto vai ser agora a solución en tres meses de todos os problemas porque hai detrás unha problemática moitísimo maior, pero esa premura lle pido que sexa, primeiro para resolver os problemas e non para sancionar aos veciños, iso que lle quede claro, e mesmo as premuras que ten, que nolo poña a ovo, tanta premura que ten vostede por tanto problema que ten o tema do lixo e dos vertidos incontrolados que vostede di que resolve e que aí estará e que aí estará, non a ten polo tema da área metropolitana, ese xa sei que é un tema que lle molesta moito pero como dixó aquí no derradeiro Pleno, eu téñollo que volver a lembrar, dixó que si, que si, que si, que ía a estar aquí, no Pleno de outubro...

Sr. Alcalde: Logo explícolle por qué

Sra. Durán: Mire, pois mire o que non pode facer vostede é á cámara é dicirle á veciñanza, que si, que si, que si e que logo sexa que non, pero bueno estamos noutro punto, logo xa llo preguntarei (...)



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Pregúntemo logo, non agora

Sra. Durán: non xa decidirei eu si llo quero preguntar ou si non llo quero preguntar

Sr. Alcalde: Bueno, faga vostede o que queira, faga o que queira, continúe Sra. Durán

Sra. Durán: Vale, efectivamente, aquí cada un dentro dos seus tempos, dedica o que considere, pero voulle facer unha aclaración porque creo que non me entendeu na intervención o grupo Popular con respecto a ordenanza anterior non lle dixemos que íamos votar a prol na ordenanza do lixo si vostede dábanos o compromiso, e que o problema e que deixamos (...) negativo a falar con el, xa deixei de confiar na súa palabra, non é que vostede non nos diga aquí que doulles a miña palabra que no primeiro semestre do 2017 temos xa en marcha o proceso de contratación ou temos xa a nova empresa, non o que lle dixemos foi, se vostede quere o voto a prol deste grupo, antes da aprobación definitiva da ordenanza demóstrenos vostede que ten xa aperturado o proceso de contrata. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Durán, teña por seguro que a premura vai a ser tal, eu tamén lle pido a mesma premura a vostede cando teña en man, que parece ser que non o ten aínda, ese informe sobre a decisión que temos que tomar todos os corporativos - déixeme acabar Sra. Durán -

Sra. Durán: Perdón, e que non o temos porque quedaron como sempre de envialo e non chegou, simplemente iso.

Sr. Alcalde: Grazas, cando teña ese documento, ese estudo sobre a municipalización ou non do servizo, nos interesa ademais que se pronuncien ao respecto mais que nada para tomar unha decisión este Goberno, porque queremos o consenso de todos, entón a partir de aí, de ese punto de inflexión, unha vez que teñamos claro que imos externalizar o servizo, por suposto que imos traer o prego, non sen antes xuntar de xuntar á Xunta de Voceiros e falar unha vez mais. Para que non volva a saír o tema da, do transporte metropolitano, para que non volva a saír, digo non como evitando o debate, senón que non se crucen os puntos onde non debería cruzarse porque isto merece un trato ademais individualizado que ten importancia para ser tratado como tal. Nos, o feito de que hoxe non veña aquí o Convenio do Transporte Metropolitano de Vigo obedece, e eu non quería dicilo, porque non é un reproche para nada, obedece a que nos puxemos, ou me puxen en contacto coa Consellería de Transportes, como ben saben vostedes, entre o proceso electoral de Galicia, o cese dos Directores Xerais das distintas Consellerías, de Mobilidade, Transportes por motivo das eleccións, e aínda non está nomeados verdadeiramente á data de hoxe eses cargos, polo tanto asumen esas competencias os subdirectores que na maioría dos casos son funcionarios, etc. A resposta que se me da é que Gondomar como Vigo necesita elaborar un Convenio (...) ex profeso para iniciar o expediente e facer a súa aprobación, que xa non vale aquel Convenio Marco, polo tanto está da súa man que nos remitan pois Sra. Natalia dígallo vostede á Consellería porque eu falei aínda hoxe con ela, perdoe déixeme rematar e despois doulle a palabra, como falei coa Consellería e están, ou estamos esperando a que nos remitan o Convenio para ser asinado, obviamente temos que esperar. A semana pasada quedaron en mandalo para asinalo, co cal podería vir a Pleno, so faltaba o informe de intervención, non deu tempo, non chegou, non o mandaron e esta semana exactamente igual e hoxe mesmo por exemplo se volveu a requirir por escrito para que de maneira urxente nolo fagan chegar. No momento que chegue o Convenio, da Xunta de Galicia, obviamente someterémolo ao informe xurídico e de intervención e será pois traído a este Plenario, non puido ser en outubro eu espero, teño a confianza de que a primeiros de novembro, no primeiro Pleno, no primeiro xoves que estea aquí enriba da mesa ese punto e que saia aprobado por suposto, si me permiten eu creo..dámoslle a palabra aos demais voceiros para que interveñan sobre este punto que estamos tratando que é a aprobación da ordenanza de limpeza e convivencia. ¿Alguén pide a palabra? Sr. Gómez, ten vostede a palabra.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

Sr. Gómez: Imos ver Sr. Alcalde, eu case lle propoño que este punto o da ordenanza esta que o deixe enriba da mesa e que lle de unha volta porque isto pásase de (...)

Sr. Alcalde: Sr. Gómez, case mo propón ou proponmo, non me vale a medias.


Sr. Gómez: Llo propoño

Sr. Alcalde: Vale

Sr. Gómez: Llo propoño porque, di que fagamos alegacións e fagamos o noso traballo vostedes son o Goberno vostedes serán os que teñen que facer o traballo e que vostedes fixeron aquí unha ordenanza copiada por unha que creo que é do Concello de Lalín, corta-pega, corta-pega, imos ver por qué un exemplo, porque non vou entrar en detalles, aí a Concelleira e mais vostede levan discutido un montón, o tema de abonar ou estercar ou como queiran chamarlle as leiras, vostede é de Vilaza eu son de Mañufe, eu creo que as leiras que ten a miña familia e toda a veciñanza por alí, si hai que separar 10 m para abonar dun lado e 10 do outro son vinte, eu creo que meus pais que teñen un montón de parcelas, creo que non teñen ningunha de vinte metros de ancho ou poucas e algunhas igual teñen 21 m, é dicir que cultivaríamos 1m so, iso non se adapta para aquí, teñen que facer as cousas como as teñen que facer, por iso lle propoño que a deixe enriba da mesa e que nola traian un pouquiño mais aproximada, home nos podemos facer o noso traballo pero vostedes son o Goberno e teñen que facer o traballo como hai que facelo, o traballo tense que facer traballando, Alcalde ~~traballar é estar no Concello ás oito da mañá, ás oito da mañá igual sabe porque lle digo, hai~~ que estar ás oito da mañá no Concello e ten que preocuparse, e mirar as ordenanzas que se van traer aquí ao Pleno, porque iso corta-pega, corta-pega, iso non se adapta ao noso pobo, a Gondomar, de verdade que non, por iso lle propoño que a deixe enriba da mesa e que nola traia adaptada ao pobo, a Gondomar e as parroquias de Gondomar. Nada mais.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. ¿Alguén pide a palabra? ¿alguén mais? Sr. Pauliño del Río

Sr. Pauliño del Río: Grazas Sr. Alcalde, ben imos ver, evidentemente que hai premura para traer unha ordenanza deste tipo a este Plenario, é evidente tamén que a ordenanza que había como a maioría das que quedaron no Concello de Gondomar, do paso dos distintos gobernos do P.P. e (...) ata (...) pero da mesma maneira que dicimos isto, tamén dicimos que esta ordenanza que había que traer aquí e que con premura porque temos que ter unha ordenanza sobre este tema, é unha evidencia e non a que teñamos, ao Concello e Gondomar é unha evidencia que esta ordenanza hai que darlle mais dunha volta, nos evidentemente o temos claro, non imos a profundar moito mais nos temas que aquí se trouxeron pero dende algunha que outra norma que está derogada e que habería que cambiar a evidentes contradicións no tema dos residuos sólidos urbáns, no tema da compostaxe por exemplo no artigo 15, (...) se contradí directamente, se contradí obviamente, porque nuns prohiben e noutros practicamente obriga hai determinados artigos que obrigan, que hai unha obriga de que a xente que poda compostar, ten que compostar, lle guste ou non lle guste, non nos imos a meter aí, é unha decisión que tomou o Goberno pero evidentemente a continuación non podemos dicir que os que non están obrigados a compostar teñan prohibido tirar os residuos sólidos urbáns, a fracción húmida, a fracción orgánica que ademais é unha de mais volume polo tanto nos miramos unha contradición aí, nos imos alegar e nos imos tentar que esta ordenanza quede minimamente coherente porque nos parece que está chea de contradicións. No depósito dos residuos, que está intimamente, xa o dixeron aquí que está intimamente ligada ao tema das sancións, pois evidentemente a ser posible a partir das 21:00 h pero nembargante noutro artigo di, serán sancionados aqueles que non cumpran o horario, ¿cal é ese horario? Sabemos que o funcionario ou o instructor que vai traballar con imparcialidade, con obxectividade, pero nas ordenanzas e no réxime de sanción o abano de discrecionalidade debe de ser mínimo e si sancionamos a alguén por non saber os horarios deberán de marcarse uns horarios, nos entendémolo así, porque senón despois a casuística pode ser infinita e modificaremos ou





faremos unha proposta de modificación deste tema que tampouco o temos claro. No colector verde, outra contradición no mesmo, porque na materia orgánica si se pode deberase reciclar ou compostar, está en contradición co artigo que acabo de ler 10.c). Nos colectores de aceites vexetais usados, corríxanme si me equivoco que todos podemos estar equivocados, non existen no Concello, entón bueno temos que ver un pouco cómo imos articular isto, si hai que facer algunha disposición transitoria para que mentres non se usen os mencionados medios, mentres non se teñan os mencionados medios determinados artigos quedan temporalmente suspendidos ata que haxa eses medios e a cidadanía poda facer uso deles, senón dificilmente se van poder cumprir. Ben o tema dos cans, de forma tan taxativa como é aquí de queda expresamente prohibida a entrada dos cans nos parques públicos, vai crear un problema, un problema na xente que ten cans de compañía, que teñen dereitos tamén de saír, de esparcirse e que evidentemente hai que considerar o dereito dos animais, que teñen os veciños e veciñas, cos dereitos das persoas de usar eses parques, a prohibición taxativa, tal e como aparece aquí, hai que modulala evidentemente, intentaremos facer na nosa emenda que se module para que isto non quede nunha prohibición tan taxativa. Se fala noutro lado no artigo 20. apartado 10 do Servizo Municipal de Inspección Ambiental ¿existe este servizo no Concello de Gondomar?, non o sabemos pero na Ordenanza si está, e dicir, non imos facer unha relación exhaustiva de todas as cousas, por exemplo, *os cidadáns que desexen desprenderse dos residuos orgánicos de podas e residuos de xardinería, restos de comidas de animais que non usen de animais, deberán de empregarlos para compostaxe*, pero si o que desexan é ~~desprenderse deles ou hai que meter un non aí ou é unha contradición nese artigo, deberíamos~~

~~de buscar unha redacción mais acalida neste tema, cando se refire tamén ao tema da compostaxe e se fai unha relación exhaustiva do que implica di: *os elementos para realizar a compostaxe son;* e nomea unha serie de cousas, e a min se me ocorren tres ou catro que non están aquí e sen embargo si son compostaxe, por exemplo, os restos de comida que non aparecen e vostede sabe que son compostaxe evidentemente, todos os restos de comidas que usamos van para fracción húmida, para compostaxe e sen embargo aquí se fai unha relación tan exhaustiva e quedan cousas fora, indica isto que se van poder, ¿se vai prohibir facer compostaxe cos restos da comida, coas espinas do peixe? Pois aquí non están nesta relación e hai bastantes e hai unha relación exhaustiva, cando di son, enumeran unha serie de cousas, debemos de darlle tamén unha volta e isto. Volvemos ao tema dos residuos onde hai conceptos indeterminados que hai que definir é contradictorio o artigo 15 e o artigo 10. é dicir, nos consideramos positivo que o Goberno, consideramos positivo que o Goberno trouxera esta ordenanza pero hai que darlle, nos dende logo imos intentar darlle unha volta importante e despois hai que ver que cando falamos de que utilizamos os bancos e os asentos públicos para usos distintos aos que están destinados, si poñemos un artigo que pon iso, temos que definir cáles son os usos dos bancos públicos porque volvemos ao e sempre, senón ao mellor vostede ten un concepto, o instrutor ten outro e o veciño que se vai sentar, ou que vai usar ese banco público ten outro, polo tanto debemos, debemos de mellorar esta ordenanza, igual que o papel cartón na vía pública no sistema de recollida porta a porta, nos pensamos que esta recollida porta a porta non existe no Concello de Gondomar, e sen embargo figura na ordenanza. Bueno, falando de esterco, evidentemente, podemos falar de colgar a roupa ou non colgar a roupa si esa extensión de colgar a roupa nas fachadas implica simplemente ao casco urbano ou o clareo da roupa que temos a xente que vivimos no rural, damos ou non damos á camiño público (...) En resumidas contas Sr. Alcalde Gondomar Concello Aberto vaise abster nesta ordenanza, vai a facer o seu traballo de emendar o texto e parécenos positivo que a trouxera aquí con todos os erros e (...)~~

Sr. Alcalde: Moitas Grazas Sr. Pauliño, grazas de verdade pola aportación e por eses datos, grazas tamén a Patricia Durán e bueno é un pouco ao mellor tamén o feito de xuntar nun Plenario tres avogados, pois evidentemente moitas veces, non o digo con acritude, pois pasa que na interpretación das normas todos poñemos un pouco a guinda sobre algo que uns lle dan mais importancia, outros lle dan outra pero non quere dicir que sexa nin malo nin bo, malo



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

será que entre todos non saquemos unha boa, unha boa e magnífica ordenanza de convivencia e pedíame a palabra o Sr. Araúxo, si ten a palabra.

Sr. Araúxo: Si grazas Alcalde, imos ver eu evidentemente sei distinguir perfectamente entre o que é estercar cos xurros e o que é botar fertilizantes químicos, que non é ningunha broma e que aparte que isto tamén sabemos que está regulado incluso por Lei, e cada vez mais hai (...) é certo que o problema das leiras non é estercalas ou non, o problema das leiras é que non as traballan, iso é o problema. Aquí fala tamén do (...) das vivendas, do esterco, hai que corrixir isto, evidentemente esta ordenanza ou calquera outra vai requirir unha información previa antes da súa resolución (...) obviamente, agora estarán de acordo comigo vostedes en que a día de hoxe hai actitudes incívicas, imos chamalle así, tan absolutamente insoportables e gravosas para as arcas municipais que é... non actuar é unha grave irresponsabilidade, entón isto eu creo que xustifica un pouco a premura desta xestión, porque é así, é dicir, é insoportable para o Concello economicamente como gasto pero tamén no que ten de imaxe, etc, ver o que estamos vendo, e eu aí a iso chámolle incivismo militante, hai mais do que parece, hai mais do que parece, entón evidentemente hai que corrixir todo iso hai que esas contradicións que evidentemente están aí, si se repasa ben ao mellor ao final, ao mellor a interpretación pódese entender como contradicións e a hora, a hora de aplicar a norma pois pode causar problemas, iso danos a idea de que canto mais se especifique mellor, entón creo que haina que aprobar, esta é unha aprobación inicial, eu creo que ao mellor tampouco é excesivamente, a min non me preocupa que se regulen servizos que aínda non están implantados, haberaos que implantar, tampouco pasa nada, non, non deixemos que (...) os problemas, eu entendo que os cans, efectivamente, aí chocamos, bueno con unha controversia entre os propios cidadáns, entre os que teñen cans e os que non teñen cans, entre os que van aos sitios e os que non van, eu entendo que os cans poderán estar alí onde se permita e non poderán estar alí onde se diga expresamente que non poden estar, o que non pode ser, como eu vexo tódolos días, que o cartel onde pon prohibido estar os cans e estar cheo de cans, con nenos e... entón se cadra non está ben explicado, eu entendo que os cans poden estar alí onde non se impida, onde non se prohiba expresamente que poda estar e obviamente o propietario sexa onde sexa terá que coller os excrementos do can e gardalos, que tamén hai xente que o fai, hai que dicilo que tamén hai moita xente que o fai, polo tanto eu creo que isto no tema sancionador efectivamente pois ao mellor hai que aclimalalos un pouco, en todo caso pois como xa se dixo aquí haberá unha instrución previa e aquí o que se marca son as sancións máximas, en todo caso hai un abano de posibilidades á hora de sancionar, eu creo que é importante, que non é incompatible aprobar esta ordenanza hoxe inicialmente, temos un mes por diante para corrixila e neso é no que teremos que (...) teremos que facer todos os que estamos aquí (...), creo que non me queda nada mais. No tema da recollida de pilas, aceites e demais hai propostas que xa achegamos e que é posible que xa se poñan en marcha antes de que isto, de que isto vaia adiante porque hai incluso no caso dos aceites, as propostas que hai, incluso os recollen gratuitamente con custe cero para o Concello, con depósitos instalados en puntos estratéxicos das parroquias, así que xa hai propostas sobre ese asunto enriba da mesa e é simplemente ó que queda é estudar varias que hai e (...) a que mais (...) no tema do... no tema dos horarios efectivamente ao mellor había que corrixir (...) xa digo (...) (...)

Sr. Alcalde: Moi ben pois, última palabra, Sra. Durán.

Sra. Durán: Si grazas Alcalde. Soamente dicirlle ao Sr. Araúxo que non é necesario ter esta ordenanza en vigor para (...) existe unha normativa a nivel nacional que permite (...)

Sr. Araúxo: Bueno isto sería moitísimo mais manexable por nos e mais áxil, non cabe dúbida.

Sr. Alcalde: Damos por finalizadas as intervencións.



Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO**

***O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 7 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE, 3 do Grupo Municipal M.M.; 9 abstencións: 3 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningún voto en contra, acorda aprobar inicialmente a proposta arriba transcrita.***

### **5.- Fiscalización e control dos órganos de Goberno:**

#### **a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo IX (setembro de 2016).**

### **Resolucións Alcaldía Tomo IX- 2016**

*En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2016 dende o:*

1. DECRETO 2016-1403 [RESOLUCIÓN] (3R69ZQGCTEEAGEY3X9HLX5E2R)
2. DECRETO 2016-1404 [resolución alcaldía VARIACION CONTIAS COMEDOR] (337AJ2MSK7EJ5CN9CAFY99M53)
3. DECRETO 2016-1405 [Decreto da convocatoria] (3K6KEY9XWFKAJXKP4W2T65F9Z)
4. DECRETO 2016-1406 [RESOLUCION 67-16 gasolinera] (4GC5LTXRJPTCCPDHS9YJQCYX3)
5. DECRETO 2016-1407 [092216 expte. 2582 HERENCIA R] (4XJRH4JTAN72GP2HYTXXT4QWL)
6. DECRETO 2016-1408 [Resolución da Alcaldía] (9HRDKNWRDJDY6Q3SYNLCTHF)
7. DECRETO 2016-1409 [Resolución de Alcaldía (favorable)] (6L7CRAQRQR9R7PMP234KDKZHD)
8. DECRETO 2016-1410 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)] (A54GLLKSD2G4R7YQ3XZTEA6EM)
9. DECRETO 2016-1411 [Resolución de Alcaldía (favorable)] (AMP6HWSMJ7LJWHXLSWAJ269E2)
10. DECRETO 2016-1412 [resolución nomina parcial mes de setembro] (6FMN7A2NZ94WXZ7DMLLJYD7YE)
11. DECRETO 2016-1413 [resolución taxi 3] (3NLGZGZ9C7W73C9WSP4Q3KD64)
12. DECRETO 2016-1414 [Resolución Sello Órgano] (59TMFC9F6PJGSM4RHF9DQ2HZL)
13. DECRETO 2016-1415 [Resolución Perfil do contratante] (4WQ5JDR3M9ELQFWJT5QG6A7EP)
14. DECRETO 2016-1416 [resolución seguros sociales setembro funcionarios] (54F35R5NK42JNG9YTC7GRRKTJ)
15. DECRETO 2016-1417 [resolución seguros sociales setembro laborales] (5XSPCMWJJSK9LAFKTQ4QG9L6H4)
16. 38.DECRETO 2016-1418 [20161007\_085237] (7F9L4WKQ5SXF9D373MWPXT5GM)






Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

17. DECRETO 2016-1419 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(9KSHSHNAGMAYZGM93RT235KQX9)
18. DECRETO 2016-1420 [RESOLUCION TOMA RAZON EXPEDIENTE 262/2016]  
(5SM69X3W5SAMQ93A2J7FYZGK6)
19. DECRETO 2016-1421 [RESOLUCION NUCLEO O CRUCEIRO]  
(36X6PJYLXDYZ9MLFWJ7LWLRHY)
20. DECRETO 2016-1422 [RESOLUCION NUCLEO O TELLEIRO]  
(75Z6GDJXSRXWZEL6LRWZFNXXR)
21. DECRETO 2016-1423 [RESOLUCION PRORROGA 11090]  
(4GHEFTH4RRERF2R3G67DHKJ4A)
22. DECRETO 2016-1424 [RESOLUCION V,A. 142]  
(7E9GGGYK7C5JKER49DD4LGNK9)
23. DECRETO 2016-1425 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(7QQYFJZAXGGZSCTCARZ9ELRHZ)
24. DECRETO 2016-1426 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(7EAQLEYCN7DGNL4S6RJDF79JJ)
25. DECRETO 2016-1427 [resolución anticipo nomina outubro Bruno Benítez García] (9LY47AK4MJARED2SZGAF4JEPC)
26. DECRETO 2016-1428 [acceso a documentación convenio Darío Varela Alonso]  
(R59MK54W6ELQELXCMRTCJ2SXH)

---

27. DECRETO 2016-1429 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(9P7PSSFZ9PCSLZ3KRRP44DXAE)
28. DECRETO 2016-1430 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(7W2T9G77TRW4549Y57ZGH3DXS)
29. DECRETO 2016-1431 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]  
(5TTDQC3FWHJQ77TY962W5ZXLQ2)
30. DECRETO 2016-1432 [resolución anticipo nomina paga extra decembro M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Pérez] (37G2M9433WNH6EZMLL29DCJPS)
31. DECRETO 2016-1433 [resolución r.p. 144] (3WC3RC9E35NDRSE6NXZ6PZP99)
32. DECRETO 2016-1434 [resolución r.p. 125]  
(5SRNQMKE2PCQ32L3CDH4K6WQC)
33. DECRETO 2016-1435 [RESOLUCION V,A. 137 H]  
(522TJNCCNGPZE95MHLTS2GJ7F)
34. DECRETO 2016-1436 [RESOLUCION V,A. 137 G]  
(AGTEMEZTEQ3J3GZ9H34QFJAKH)
35. DECRETO 2016-1437 [RESOLUCION V,A. 137 F]  
(4AXTPJCDJKY4E5ZPCKL64H7H5)
36. DECRETO 2016-1438 [RESOLUCION V,A. 137 E]  
(AP4N3TCY3WPN6MPD2FCEAMTPT)
37. DECRETO 2016-1439 [RESOLUCION V,A. 137 D]  
(ASTPZJHTAZEE3RE6DEJWWF59E)
38. DECRETO 2016-1440 [RESOLUCION V,A. 137 C]  
(59NZ6THDYLCENRNCQSWGHL4)
39. DECRETO 2016-1441 [RESOLUCION V,A. 137 B]  
(52LZTPY7SKZKN4JMH3F7AEQE7)
40. DECRETO 2016-1442 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(7ETPHNW7F7G5P5DRX4EG9GLQX)
41. DECRETO 2016-1443 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(AJSYMWXCLNE5D475KP43JWTTT)






42. DECRETO 2016-1444 [RESOLUCION V.A. 142]  
(4AY7GJ92HX576XXSYYP6TRL4)
43. DECRETO 2016-1445 [Resolución sede electrónica]  
(7YYGRK4Q43E5LHP7TJYWAWCHP)
44. DECRETO 2016-1446 [comunicación APLU exp. 36.12]  
(7J9HYGSTDFZG3HRWCTSNQLAT4)
45. DECRETO 2016-1447 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(5327AGFTFZKEXL4MRNLXAWMPR)
46. DECRETO 2016-1448 [Resolución de Alcaldía 134 -12]  
(4Y4AQ5RAFL247F6F5LAMXYJKD)
47. DECRETO 2016-1449 [Resolución de Alcaldía 134 -11]  
(33MWEYZNXQHPHXD5PNFD7TYCR)
48. DECRETO 2016-1450 [Resolución de Alcaldía 134 -10]  
(3Q54GX4YKS9AQHP2FPEWN5QRQ)
49. DECRETO 2016-1451 [Resolución de Alcaldía 134 -9]  
(64YJWLLR9KZR2AEYHK62D6MSQ)
50. DECRETO 2016-1452 [Resolución de Alcaldía 134 -8]  
(9F4ZCQFQM39YJCDFY7JSSDLGG)
51. DECRETO 2016-1453 [Resolución de Alcaldía 134 -7]  
(3MZXRPPXQRCASGZK4AYL37TMA)

---

52. DECRETO 2016-1454 [Resolución de Alcaldía 134 -6]  
(76Y6H6AYHGDJ34WMHL7W4QCGR)
53. DECRETO 2016-1455 [Resolución de Alcaldía 134 -5]  
(6N9WGC25EG7Q7KSSSPDXZ7NEQ)
54. DECRETO 2016-1456 [Resolución de Alcaldía 134 -4]  
(TDQTYJAXESM6HPKQLE2HRKSA6)
55. DECRETO 2016-1457 [Resolución de Alcaldía 134 - 3]  
(4LSH6NGKPL2F5QK5FKYHG4R9K)
56. DECRETO 2016-1458 [Resolución de Alcaldía 134 - 2]  
(DEF7RA3A4FYGH3L6CZ2QFSKCP)
57. DECRETO 2016-1459 [Resolución de Alcaldía 134 - 1]  
(6E5MWNCTG4LWW6FQC4NF9LZDX)
58. DECRETO 2016-1460 [Resolución de Alcaldía 134]  
(ACLMT9434QR7AAXGPPCSWXGTQ)
59. DECRETO 2016-1461 [RESOLUC.PROCED. R.A. 15.07.16]  
(5RKYMFXP7523HHDDJNYEYTWWW)
60. DECRETO 2016-1462 [TOMA DE RAZON] (4F629TDQKS3G9RZ9JQKEK665Z)
61. DECRETO 2016-1463 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO DE  
DOCUMENTACION] (AA23XWDRS5NF5XMYKGE364QP2)
62. DECRETO 2016-1464 [Resoluc.exp.de resposic. exp. 150.16]  
(5XRZTD5WHTXRMGECKNX3SPQYQ)
63. DECRETO 2016-1465 [Resolución de Alcaldía 138]  
(9KJMKJ4WAADHLLJ2DDH97YRCT)
64. DECRETO 2016-1466 [Resolución de Alcaldía 137]  
(3F9JTHK9TYRWWFR5P9CMPC5YC)
65. DECRETO 2016-1467 [RESOLUCION PAX 51.16]  
(6ADCX93XGMS3N9H6QWDAZP323)
66. DECRETO 2016-1468 [Resolución de Alcaldía 137 - 1]  
(4QNE3CTD5DQ7C24G5KFJ4AP64)



67. DECRETO 2016-1469 [resolución nomina parcial mes de outubro] (FQ5A9GX9YQDHPJDLTG434SZRA)
68. DECRETO 2016-1470 [Resolución da Alcaldía] (52CCSQ9CLQA5L5XZRZ4WC7HG5)
69. DECRETO 2016-1471 [resolución alcaldía Acta comedor 5º RESOLUCION 2016-2017] (6Q9EEPWHC4PF3JJTPYY4A3TS9)
70. DECRETO 2016-1472 [RESOLUCION PROCED.SANC.R.A. 18.05.16] (6MN4S6G4HMCDY4YQT59MNHMKD)
71. DECRETO 2016-1473 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION
72. 57/2016] (6NWQKHXSADGSDYW93L27Q5GYW)
73. DECRETO 2016-1474 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION EXPTE 516] (3M6Z55CKAQGGFDR9J6ZKXY3YK)
74. DECRETO 2016-1475 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACION] (59CPQPDYEQMT9PN2NE3LMNXAX)
75. DECRETO 2016-1476 [RESOLUCION REQUIRIMENTO 503/16] (7LEZG6A2QFPX9FWA3FHMAHZ4X)
76. DECRETO 2016-1477 [RESOLUCION TOMA DE RAZON 286/2016] (67QECF4DTLPNSFEJZJKFF37F7)
- ~~77. DECRETO 2016-1478 [Resolución de Alcaldía 141.1] (7LFREGKN3QL3WN22XLCDL7WPM)~~
78. DECRETO 2016-1479 [Contratación alumno-traballador Roberto Garrido Pereira] (9QZ66XXDWNXEJFPPCGL9A6N9T)
79. DECRETO 2016-1480 [Resolución de Alcaldía 141] (963F3NFWTJL3KMQQXF24MDZ4G)
80. DECRETO 2016-1481 [Resolución de Alcaldía 140] (HMKDSQNR3Q3CXZFYJGHMWCXR3)
81. DECRETO 2016-1482 [resolución de alcaldía 2-16] (392DFMY5JHTWQS9XD6RKCK6QM)
82. DECRETO 2016-1483 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 45-15] (33SR5S3RL3K3XAAD259M34TF3)
83. DECRETO 2016-1484 [renuncia alumna-traballadora Obradoiro de emprego] (5JCNWLJDTGCQCYEPNZC5N3HD9)
84. DECRETO 2016-1485 [Resolución de Alcaldía 139] (9M2RMXMZC4NPPTHZJXPP3GS3K)
85. DECRETO 2016-1486 [resolución de alcaldía 90-15] (7JQK59DWWX4SRYCCDZX7ELQ5D)
86. DECRETO 2016-1487 [resolución de alcaldía 35-16] (9KMXNX3NE5NWQ6MTHQDTRKQ9F)
87. DECRETO 2016-1488 [Resolución da Alcaldía] (9FYJKQ2TNDRPFMZTTW9XXZZY9)
88. DECRETO 2016-1489 [Resolución da Alcaldía PAX 52.16 DIANA SILVA ALMEIDA] (6TZA53WF6HNG4L3NPJFD54ZKW)
89. DECRETO 2016-1490 [Resolución da Alcaldía pax 53.16 ALIMENTOS OUTUBRO] (6YZA6XF4PJTL7A6K6LQLFKHEN)
90. DECRETO 2016-1491 [Resolución da Alcaldía] (9QQEE5JR6A3SS3RQAXL4Z4CYK)
91. DECRETO 2016-1492 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO] (393Z399X2C5977R92QS5C3AHL)






92. DECRETO 2016-1493 [REQUIRIMENTO EXP. 12128/486/16]  
(5DRAPDKQZ2XLFHTKQP7ZTWTL5)
93. DECRETO 2016-1494 [Resolución] (5FTQXP994FM26E2PD26WNG7Y2)
94. DECRETO 2016-1495 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 87-14]  
(7Y96XD7DW7X5LRZS35DETLJPT)
95. DECRETO 2016-1496 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]  
(5AD7MZ3ESNJ3MPFNFCQAM9SPP)
96. DECRETO 2016-1497 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]  
(3T2RX7LXQWAQK79CDY7NHDFJC)
97. DECRETO 2016-1498 [RESOLUCION INCOACION SANCIONADOR]  
(9N555MQKS975KCGSLM2MWXHKR)
98. DECRETO 2016-1499 [RESOLUCION DO EXP. DE REPOSICIÓN]  
(A3776KRZGC5MTD3Q6CYHEWAG3)
99. DECRETO 2016-1500 [RESOLUCION INCOACION REPOSICION  
LEGALIDADE] (9Y99EYTGS5GWJN4HE5LXDWRK7)
100. DECRETO 2016-1501 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMENTO]  
(469946S24TLKANGQCRW6KJYW6)
101. DECRETO 2016-1502 [RESOLUCIÓN ABETOS GONDOMAR F.S]  
(646KGXS24G6NAWHE62GSZRPNF)
102. ~~DECRETO 2016-1503 [RESOLUCIÓN NOVO RÍO FRIO F.S]  
(65STGCWKL9FTDG73LYM3NS5SL)~~
103. DECRETO 2016-1504 [RESOLUCIÓN ILDEFONSO F.S]  
(9H57KWCJFGSHFRQWNS9YQ4T3T)
104. DECRETO 2016-1505 [RESOLUCIÓN GONDOMAR F.B]  
(43HM2GDRQHETLGALZ4Q37P54A)
105. DECRETO 2016-1506 [RESOLUCIÓN GABRIEL F.S]  
(7WH3TEANKCFQ3JYQNDTE3NNT5)
106. DECRETO 2016-1507 [RESOLUCIÓN C. TENIS GONDOMAR]  
(G9GEHZQCTN7JMFCY2G2FCJKT7)
107. DECRETO 2016-1508 [RESOLUCIÓN C. P ARTÍSTICA GONDOMAR]  
(L4Z4FJ9R5A59K5AFNCWTSMFZ2)
108. DECRETO 2016-1509 [RESOLUCIÓN C. EIXO GONDOMAR]  
(7QTN6NAZLKKXFXPRKWNRXHFXF)
109. DECRETO 2016-1510 [RESOLUCIÓN A. V. DO GALIÑEIRO]  
(3Z7FDTL6MGSMS5CTJGTTJEA6E)
110. DECRETO 2016-1511 [RESOLUCIÓN A. D VAL MIÑOR]  
(6NZZXH6WJCHCN7E9WDCM9DYG2)
111. DECRETO 2016-1512 [RESOLUCIÓN CEREIXA GONDOMAR F.S]  
(52X9PZA6P69J2J3RH3FCY79L2)
112. DECRETO 2016-1513 [RESOLUCIÓN YANTAR F.S]  
(9C4ELLNSZA7ARNMRGZTLXPM26)
113. DECRETO 2016-1514 [RESOLUCIÓN JULIO F.S]  
(A4NDLY9EJ49MFWD3SCW22QH3A)
114. DECRETO 2016-1515 [RESOLUCIÓN OS DO VAL F.S]  
(7ZK3T2KEYHD4NH5CTHL97CJJC)
115. DECRETO 2016-1516 [RESOLUCION DE REQUIRIMENTO]  
(5LL6DM44JAFKAT7CHTNGNLF4Q)
116. DECRETO 2016-1517 [decreto obra Cernada.Vincios]  
(6J4GXTS379G36K7NJ7PW9CY4N)



117. DECRETO 2016-1518 [Resolución recurso Reyto-2]  
(3T36CFZFQ5PM25PJA5YZEHZT)
118. DECRETO 2016-1519 [resolución autorización asamblea de traballadores]  
(APAK4MXJKX3X6PFEWJJLES6SK)
119. DECRETO 2016-1520 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(7ZR4LJLMXWDFLWT6N529JSZDH)
120. DECRETO 2016-1521 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(HCYP2RTM4JML7R5W2YPM55XXZ)
121. DECRETO 2016-1522 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(ETQTPH65GXYK7D7PYK5XAPWZR)
122. DECRETO 2016-1523 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(5WGWZ9SXELCF2L5SJD9FJ3YRM)
123. DECRETO 2016-1524 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 53-16]  
(6LCHA27NRWL3947ATWXZK6QGQ)
124. DECRETO 2016-1525 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(45ZAYKNWNWN7DKWQKLDKDRPL9T)
125. DECRETO 2016-1526 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(79LWCEHYWJY73MJSJ5QKJ5DRJ)
126. DECRETO 2016-1527 [PLUSVALIA PRORROGA 135]  
(9ZMD3M4WNNAYJTG4AXWGEJTE)
- 
127. DECRETO 2016-1528 [resolución horas extra marcos arias Fernández]  
(6J7JTGYNM59533RNHH6AX7S73)
128. DECRETO 2016-1529 [resolución horas extra Mª José Bastos Alonso]  
(4QDXGEMS33PRF2Z3WTMTRT9H7)
129. DECRETO 2016-1530 [Resolución de Alcaldía 588 PLUSVALIA - 2]  
(W7M6SPDPEPCLGJDGM5TTHA6MN)
130. DECRETO 2016-1531 [Resolución de Alcaldía 588 PLUSVALIA - 1]  
(5ANGRCQMYNPP9H5QCGAMX249F)
131. DECRETO 2016-1532 [Resolución de Alcaldía 588 PLUSVALIA]  
(P2QYZNC4DDQR9X6PC94LZXC9F)
132. DECRETO 2016-1533 [Resolución de Alcaldía PLUSVALIA EXPTE 585]  
(ASFE42TG3SQWWWFPHRWRF5JP9)
133. DECRETO 2016-1534 [resolución gratificacións voluntarias persoal setembro]  
(5J9EJKFA5YYYZDNKLSDJC26H6)
134. DECRETO 2016-1535 [resolución horas extra Alexandra Pereira Nova]  
(36MTRRN4Z66MNWWWQYZ9PRNY2P)
135. DECRETO 2016-1536 [resolución horas extra Javier rodríguez torres]  
(74QCEAXGLYCGZ97H7P7EPTDEG)
136. DECRETO 2016-1537 [TOMA DE RAZON]  
(9Z3LTD3TES4ENKZG7TTJGYPWC)
137. DECRETO 2016-1538 [Resolución liq. taxa]  
(7WTEY77MFJMF3XYJPZKREENG)
138. DECRETO 2016-1539 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(LYRC3DJXQNEPFGFZQY4XS9GD3)
139. DECRETO 2016-1540 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(5KFKERL2NNNR3QH4YSCWNH996)
140. DECRETO 2016-1541 [Decreto da convocatoria]  
(6D3MHT64LQWJPJ7E5D3NEDK2W)





141. DECRETO 2016-1542 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(9AT3SCNH3KMFXXCXNSG4YD3C2)
142. DECRETO 2016-1543 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(6MY5D2P9EWPT6GSL9F9XJP229)
143. DECRETO 2016-1544 [Resolución de requirimento]  
(7AP7LHJ7CHT2JXJK77Z5S92XT)
144. DECRETO 2016-1545 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(4Q7R5PTJ4NJEZTWRCSGYTAY6K)
145. DECRETO 2016-1546 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(4P5AJRWPDETA372RN77W7DKYA)
146. DECRETO 2016-1547 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(3MGRQ4RT2T29D224Q9JHKACHC)
147. DECRETO 2016-1548 [TOMA DE RAZON]  
(5F5NNLFCJRWL4EYQXX3MZEWJK)
148. DECRETO 2016-1549 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(K456PJWXJEDM3RK9JHQXKMS5F)
149. DECRETO 2016-1550 [Resolución de Alcaldía (desfavorable)]  
(4QWYZ5XDNYWACT62EEWR6QW2X)
150. DECRETO 2016-1551 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(7TEKM3N6SMTY5WR9EKS7JCXND)

---

151. 172D.DECRETO 2016-1552 [resolución raíces danadas 16]  
(52TS65QPFJWQ6EYQ9Z6N54RG2)
152. DECRETO 2016-1553 [RESOLUCION DE CESE ACTIVIDADE DE DATA
153. 26.10.2016] (99KK5CEWTP4XMENDHCCC6E7F7)
154. DECRETO 2016-1554 [RESOLUC. DO EXP. SANCIONADOR E  
CONTESTACION AS ALEGACIONES] (45GARDJJG4G6CHFQ35FC2ASQ)
155. DECRETO 2016-1555 [RESOLUCION DE REQUIRIMIENTO]  
(5P2LD3NFEX3TZ5PHCDGR2K93E)
156. DECRETO 2016-1556 [Resolución de Alcaldía plusvalía 731]  
(3WHM7QYCY9RXJNWJMLCXTR5TZ)
157. DECRETO 2016-1557 [Resolución de Alcaldía plusvalía 627]  
(MDFS4EAA4JKAQ6GHRS5R7FK6T)
158. DECRETO 2016-1558 [DECRETO 2016 seguros sociais obradoiro-  
Xunta.Deputación [Resolución de Alcaldía (favorable)] - - - copia]  
(L4WTCJASWW6YN4Y2KXJWJKN9N)
159. DECRETO 2016-1559 [DECRETO 2016 seguros sociais obradoiro [Resolución  
de Alcaldía (favorable)] - -] (AHH9PFE2N9SAJHRPAQ5EFK6W2)
160. DECRETO 2016-1560 [DECRETO 2016 seguros sociais laborais [Resolución  
de Alcaldía (favorable)] -] (6ZHH4HDHRQA2CXL66MAQNZ9JF)
161. DECRETO 2016-1561 [DECRETO 2016 seguros sociais func. [ (favorable)]]  
(3MF2XZZGZN9E244WS4M2RH43M)
162. DECRETO 2016-1562 [resolución rúa Eduardo Iglesias 33-15]  
(5HQTN4HHW3HFGN4XW7TET2D33)
163. DECRETO 2016-1563 [resolución de alcaldía 106-15]  
(6MWYWNJFZNL297F545RD3CFE7)
164. DECRETO 2016-1564 [resolución de alcaldía 36-16]  
(A4JSX6X7J4W52T5QT656CEK47)
165. DECRETO 2016-1565 [resolución de alcaldía 46-16]  
(4F6P4ZPHNYCJARNPJXLL3RSPD)



166. DECRETO 2016-1566 [resolución de alcaldía 89-14]  
(7RYH7C59FCJ4RXPAXHLDCPYMM)
167. DECRETO 2016-1567 [trienios Alexandra Pereira Novoa]  
(AKR3H7QA9LQG5K3466P47XJHT)
168. DECRETO 2016-1568 [trienios José m de Saa Méndez]  
(AHNS94FLGEKM73AXLLFRYJQKP)
169. DECRETO 2016-1569 [resolución nomina parcial mes de outubro obradoiro de emprego] (6H4CZS33TDS946RKYAWJXGRKY)
170. DECRETO 2016-1570 [RESOLUCIÓN CONCESIÓN VACACIONES OBRADOIRO EMPREGO VALMIEMPREGA XOVE]  
(9TQ474CAAWCADQ5GXL327XXLN)

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

## 6. Mocións.

6.a. Moción presentada en data 03.10.2016 por Dna. María Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa ao FOMENTO LOCAL DA MOBILIDADE SOSTIBLE.

Defende esta moción a concelleira do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto Dna. María Jimena Varela Rodríguez:

MOCIÓN : FOMENTO LOCAL DA MOBILIDADE SOSTIBLE.

Sra. Jimena Varela: Boas tardes a todos e todas, bueno está moción preséntoa por segunda vez, xa que o momento de presentala era o Pleno anterior que por ser extraordinario non puido ser presentada, e bueno paso a ler a moción,

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Semana Europea da Mobilidade está impulsada polo Comisión Europea dende o ano 2000 e este ano celebrouse do 16 ao 22 de setembro. O seu obxectivo é promover a mobilidade sostible e o desenvolvemento de boas prácticas que contribúan a paliar os problemas derivados do aumento do tráfico rodado.

O territorio onde vivimos conta cunha extensa e tupida trama de corredoiras e camiños (algúns deles xa impracticables e outros en risco de selo) vestixio do intenso uso da terra na época premoderno, e polo tanto, cun enorme valor etnográfico e



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

histórico. Esta rede non só ten potencialidade para ser desenvolvida como "roteiros" turísticos, se non que pode ser soporte da mobilidade cotiá en traxectos cortos dentro das parroquias, entre parroquias ou mesmo entre parroquias e vilo.

Inventariar a rede de camiños cos que conta o noso municipio, analizando os tempos de desplazamento e os puntos de maior actividade e concentración de poboación en cada asentamento poboacional, permitiría mellorar a mobilidade peonil mediante interveccións técnicae sinxelas, de baixo custe e mantemento reducido. Precisamente este ano o lema da Semana Europea da Mobilidade é "Mobilidade Intelixente. Economía Forte". Isto dá a entender que as actuacións en mobilidade sostible non teñen por que ser caras nin complexas, ao contrario que a beirarrúa entre Gondomar e Morgadáns, proxecto dunha sensibilidade estética e medioambiental mediocre que tras unha inversión de máis de medio millón de euros, nin a Deputación de PP nin a do PSOE foron capaces de rematar.

Por todo isto, propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:

1. Que o Concello de Gondomar inicie a contratación mediante concurso público dun estudo da rede de camiños e corredoiras históricas do municipio, co dobre obxectivo de inventariar o noso patrimonio etnográfico e elaborar un Plan de Fomento da Mobilidade Peonil aproveitando a trama existente.
2. As bases de dito concurso esixirán que as propostas integren mecanismos de participación e consulta veciñal durante toda a elaboración do Plan.
3. Que devandito Plan sexa presentado, ou canto menos esté adxudicada a súa redacción, na Semana Europea da Mobilidade 2017.

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela, ten a palabra o Tenente Alcalde, Concelleiro de Urbanismo Sr. Araúxo.

Sr. Araúxo: Grazas, bueno a nos parécenos a moción oportuna e mais que pertinente por unha serie de cuestións que imos ver, xa lle comentara a Sra. Concelleira no anterior Pleno que non se puido debater que a miña intención de meterlle un cuarto punto de emenda si a Ximena lle





parece ben que viría a dicir algo así como: que a tal efecto o Concello de Gondomar habilitará a partida orzamentaria correspondente coa finalidade de proceder á devandita contratación porque senón parece que estamos aprobando unha declaración de intencións, que están ben pero que habería que deixar reflectido isto na moción, si lle parece ben. Nada mais. Nos imos a votar a favor de todas maneiras.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araújo, ¿Sra. Varela? ¿qué...?

Sra. Varela: Bueno, non hai problema en aprobar esa emenda, pero bueno, entendemos que en todo caso, igual é cuestión ou non do Goberno habilitar ou non a partida precedente ou sexa que poderían facelo aínda que non se presentara esa emenda, si viñera do Grupo da oposición, bueno sería mais entendible pero vindo do Goberno, bueno igual é un pouco redundante pero bueno si non hai problema.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Araújo pode repetir a emenda que quería facer á moción para que o Sr. Secretario tome nota.

Sr. Araújo: Si, sería un cuarto punto que diría: e a tal efecto o Concello de Gondomar habilitará a partida orzamentaria que corresponda coa finalidade de proceder á devandita contratación. Pásolla despois si quere

Sr. Alcalde: Sra. Varela ¿está de acordo coa emenda?

Sra. Varela: Si

Sr. Alcalde: Dime o Sr. Secretario que temos que votar a inclusión da emenda

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete a inclusión da emenda á moción presentada a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a inclusión da emenda á Moción presentada en data 03.10.2016 por Dna. María Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa ao FOMENTO LOCAL DA MOBILIDADE SOSTIBLE.**

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete a moción presentada pola Concelleira Jimena Varela coa inclusión da emenda aprobada a votación ordinaria co seguinte resultado:


#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada en data 03.10.2016 por Dna. María Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, coa inclusión da emenda probada anteriormente, relativa ao FOMENTO LOCAL DA MOBILIDADE SOSTIBLE.**

Sr. Alcalde: Sra. Jimena pode defender.....perdón, si ten a última palabra.

Sra. Jimena: Desculpe, que cando votamos a inclusión da emenda dixi que hai unha emenda presentada por min, non unha emenda presentada por.....

Sr. Alcalde: Si perdón, ten razón non me din conta, a emenda é presentada por Antón Araújo, vale.



**6.b. Moción presentada en data 03.10.2016 por Dna. María Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á UNHA PODA AXEITADA NOS PARQUES E XARDÍNS MUNICIPAIS**

*Defende esta moción a concelleira do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto Dna. María Jimena Varela Rodríguez:*

**MOCIÓN : PARA UNHA PODA AXEITADA NOS PARQUES E XARDÍNS MUNICIPAIS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Durante os últimos anos unha inadecuada poda das árbores dos nosos parques e xardíns municipais está poñendo en grave perigo o patrimonio arbóreo destes lugares.*

*A actividade outonal que debería ser de poda e mantemento é en realidade, no noso concello, unha actividade de desmoche e depauperamento das distintas especies que sofren esta inadecuada intervención.*

~~*Unha poda correcta das polas dunha árbore consiste en actuar sobre as xemas terminais e axiais de aquelas para limitar o seu crecemento vertical e horizontal e producir un crecemento ordenado da árbore, pero nunca consiste na eliminación de todas as xemas terminais e axiais como se fai cando se recorre ao desmoche.*~~

*Unha árbore desmochada (caso da meirande parte das árbores dos nosos parques tras a falsa poda a que son sometidas anualmente) intenta sobrevivir a toda costa creando xemas adventicias como último recurso antes de morrer. A xemas adventicias producen polas en forma de varas débiles e longas, de follas desproporcionadamente grandes que indican o estado de debilidade da árbore, que en realidade estase a asfixiar.*

*A práctica continuada do desmoche remata ocasionando a morte da árbore, que mentras tanto malvive mostrando un aspecto enfermo e desamañado e ofrecendo escasa sombra.*

*No parque da urbanización Miñor hai dous anos morreron seis chopos por esta causa, resultando esta zona de lecer sen sombra algunha, ata o punto que case non se pode usar no verán, pois quedaron en pé soamente uns tres exemplares.*

*Na chamada alameda de Gondomar, as escasas árbores que hai son tratadas dun xeito absurdo para o nome que ten o lugar, e no verán non hai alí practicamente protección do sol.*

*Por todo isto, propoñemos a aprobación dos seguintes acordos:*

*. Que se den directrices específicas para executar a poda seguindo criterios estándares (evitando o desmoche) e baixo a dirección de persoal cualificado.*

*Que se de conta ao pleno do resultado destes traballos tras a poda outonal para determinar a idoneidade dos mesmos.*

*Que se repoñan as árbores mortas por causa desta práctica no parque de Urbanización Miñor, con especies autóctonas e de folia caduca, no prazo de 6 meses.*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

### VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción presentada en data 03.10.2016 por Dna. María Jimena Varela Rodríguez do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto, relativa á UNHA PODA AXEITADA NOS PARQUES E XARDÍNS MUNICIPAIS.

### 7. Rogos e preguntas.

#### ROGOS:

Sr. Alcalde: Comezamos polos rogos ¿alguén...? non hai rogos, pasamos a preguntas

#### PREGUNTAS:

Sr. Alcalde: ¿Preguntas? Sra. Salgueiro.

Sra. Salgueiro: Grazas, con relación ao primeiro punto do Pleno, ver si en realidade van a subir a taxa da auga, eu lle preguntaba polo contrato, pola adxudicataria, que fai, que databa do ano 1996, fai vinte anos, en principio na adxudicación de ese contrato establecíanse eses vinte anos. Quería saber si teoricamente está prorrogado porque senón (...), ¿por qué se decidiu prorrogar, por qué non se valorou igual sacar un novo contrato? Tamén me gustaría pedir a memoria de actividades deportivas do ano 2015-2016, e se me facilite a poder ser, o número de matriculados en actividades para este curso 2016-2017 de cada unha das actividades que se imparten. Outra pregunta vai en relación co cemiterio, o cemiterio de San Cibrán creo que xa está rematado ou a punto de rematar e gustaríame saber si xa está decidido ou se vai facer a ordenanza que está aprobada, que había algunha, non erro pero algún malentendido en relación a si estaba aprobada para o cemiterio Municipal de Gondomar ou si estaba para todos, e nese senso, saber que decisións se tomaron ou que (...) deben seguir os veciños. Tamén preguntar por unha obra, a obra da Rúa Eduardo Iglesias, esta obra en principio estaba aprobada pola Deputación Provincial en abril ou antes de 2015 por un importe creo de 100.000 euros, lle preguntamos para que non pase o mesmo que cos vestiarios das Gaiandas, que estaban aprobados no 2015 polo anterior Goberno da Deputación e O Alcalde o Sr. Guitián, a Deputación facilitou información a..., requiriu documentación a este Goberno, e este Goberno tardou 6 meses, están aquí os papeis Sr. Alcalde ou sexa que, onde hai papeis calan (...) lle digo é así, que vostede tardou 6 meses en devolvelle a información que había solicitado, requirido a Deputación de Pontevedra, e en principio nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, grazas Sra. Durán.

Sra. Durán: Grazas Sr. Alcalde, pois bueno quería preguntarlle, isto é para a Concelleira de Benestar Social, si debería, si nos podería facilitar os datos das becas do comedor, ¿cántas solicitudes se encheron, cuántas foron aprobadas, cuántas foron asinadas? E despois o desglose de cantas son por emerxencia, cantas son para (...) e cantas para (...) porque entendo que son desa mesma ordenanza.

Tamén quero saber si nos podían dar os datos das subvencións que deu a Deputación de Pontevedra para a Concellería, das subvencións que deu do Plan de Concellos da Deputación



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

qué cantidades se destinaron ao CIM, qué cantidades se destinaron a Benestar Social e despois tamén o que sae da Deputación para Cultura, Deportes, bueno un pouco que nos desglosen as subvencións da Deputación para este ano. Preguntarille novamente ao Sr. Alcalde, porque xa sei que estivo na miña parroquia coa exposición do PXOM, e lle preguntaron por unha beirarrúa, e vostede escusou dicir que non funcionaba a pala da Deputación e que estaba moi enfadado polo mal que funciona (...) (...), e agora xa lle vou a facer a pregunta directa ¿qué administración é a competente para poñer en marcha o expediente da expropiación? Porque nunha norma interna, nunha normativa interna do departamento da Deputación de Pontevedra, parece que as actuacións nas estradas que son de titularidade da Deputación, que sexan provinciais, as obras que habería que facer de urbanización se poderían facer. Entón quería saber si xa o Sr. Alcalde ten claro si é a Deputación quen ten que inicialo, porque o expediente de expropiación non está iniciado en Gondomar, ou si é o Concello o que ten que expropiar. Por outro lado o tema da beirarrúa nos interesa, xa o dixen aquí varias veces, e esa é unha obra que non está rematada. A limpeza, porque aquí chegou tardísimo o tractor, non sei si era da Deputación, si era...creo que non era da Deputación, sería do Concello, un tractor chegou para limpar a estrada ata Morgadáns, pero que a beirarrúa non a deberon de ver, os tramos que están nas dianteiras das vivendas, os propios veciños son os que baldean e os que lle sacan as herbas pero onde non hai vivendas, que son fincas rústicas hai tramos en onde por un lado a maleza que ven da finca e polo outro a maleza que ven do firme, de parte do firme da estrada, e que non hai unha eira boa, hai un tramo en concreto que é de foto, pero é lamentable que unha obra de tan pouco tempo de problemas, pero insisto hai

que rematar a beirarrúa, levan vostedes mais dun ano, eu xa llo dixen en mais dunha ocasión. Reúna a eses propietarios, a ver si resolvemos o problema porque lle falta, vostede dixo en Chaín que faltaban xa soamente dous pero (...) xa tres que xa asinaba, quedan dous, pero rematemos a obra para que isto, pois non quede con esta mala impresión, vostede que seguro que cando pasa por esa estrada, seguro que se da conta de que (...), démoslle un remate. Quería saber tamén cuántas licenzas se deron dende o Departamento de Urbanismo, bueno dende a Xunta de Goberno, licenzas de obra maior, de obra menor, de actividade, dende a súa chegada ao Goberno ata o de hoxe, o número e si poden desglosarme, cales son de obra maior, obra menor, e as que son de actividade.

Fai tempo solicitei, iso o que pasa que bueno claro non houbo o Pleno de Xullo non puidemos facer preguntas, bueno solicitei información sobre as bases do Certame Literario Conde de Gondomar, un certame que se facía, se xestionaba dende a Concellería de Educación, soliciteino, e o que me contestou vostede no escrito de resposta a miña petición foi, que este ano non se fixeran as bases, entendo que despois de 14 anos celebrándose o certame literario, este Goberno dou por pechada esa actividade, non sei si ten algo que ver con que destinaron os cartos deste certame ao premio literario Victoriano Taibo (...) o mesmo, non sei si o destino foi este ou foi outro, ou o que pasou con ese certame literario.

Quería tamén preguntarlle porque saíu en prensa o sobre a problemática do cambio de día que propón este Goberno para o Mercado de Venda Ambulante, parece ser que os datos que ofreceu o Concelleiro nos medios de prensa dicindo unhas porcentaxes, bueno mais dun 80% de praceiros, un 56,1% dos propios (...) de venda ambulante, pero parece ser que non é certo, parece ser que nin na praza, nin os do mercado, nin os comerciantes de Gondomar apoian a medida, quería saber si, o que é o concelleiro, nos explique si fixo efectivamente esa reunión, esa xuntanza (...) polo que comentaba dunhas enquisas, bueno gustaríanos mirar un pouco este tema e bueno pois si hai ese cambio, supoño que traerá aquí a ordenanza de venda ambulante porque hai que modificala, si cree vostede que isto vai a estar o día 1 (...), queremos saber quen é exactamente o que o fixo porque é unha cuestión como para que o faga con amplo consenso, porque un 56,1% a favor segundo vostede pois, bueno un pouco complicado. Quería preguntarlle tamén pola entrada en vigor o día 3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, si este Concello vai seguir mantendo aberto o Rexistro os sábados, si, si ou si non, si deciden que se pecha o Rexistro os sábados porque deixan de ser os sábados días hábiles e pasan a ser inhábiles, ¿cómo van a facer para adaptar a xornada, porque hai funcionarios pois que podían facer esa xornada de 8:00 a 14:30 e esa



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

media hora que lles faltaba a cumprían atendendo esas horas o Rexistro os sábados. Si o Goberno xa ten tomada a decisión de cómo vai solventar iso, si é que decide pechar o Rexistro dado que os sábados (...) xa non son día hábil.

E ao respecto, non sei si é unha pregunta ou si é un rogo, pero si dicirlles que o artigo 30 da implantada Lei indica expresamente, eu dígoo porque penso que o Sr. Alcalde o teña en conta para as convocatorias dos Órganos Colexiados, aquí por si había algunha dúbida, e xa sei que hai un informe do Secretario que repase este, si eu non entendía o que vostede quería dicir que era que os prazos que significan por días, senón se indica expresamente se entende que son días hábiles, quedando excluídos expresamente, sábados, domingos e festivos, teñan en conta isto. Este Grupo sempre se manifestou en contra de que estas convocatorias que están facendo ultimamente das Comisións, quitándolle un día, coidado agora co sábado tampouco conta. Simplemente era isto, grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, si Sra. Durán.

Sra. Durán: Si que aquí a Sra. Salgueiro preguntou pola obra da Rúa Eduardo Iglesias e a segunda fase de, da do Emigrante ¿qué? E que xa están rematando a obra.

Sr. Alcalde: Sr. Gómez, ten a palabra.

~~Sr. Gómez: Imos ver unha aquí que é repetida, non sei si ma vai contestar aquí ou non, sobre a beirarrúa de Chain, ¿non? o tema das expropiacións e todo, saber cómo está esa situación, xa preguntou a Concelleira (...) Outro tema, os que falamos aquí de ordenanzas e todo iso, o tema da auga de Vilaza, a auga de Vilaza como todos sabemos no seu día aquí na (...), iso pasou a Espina e Delfín, ata que chegou aquí o acordo que había traído o outro Goberno, o anterior Goberno, votouse abaixo ao parecer é bueno agora está en terra de ninguén ¿non? nin levan o mantemento pero non cobran, que van pensar, que levan un ano sen pagar, saber como está a situación da auga de Vilaza (...) (...)~~

Sr. Alcalde: ¿Podía Sr. Gómez, podía centrar un mais a pregunta?, porque non lle entendo moi ben o que quere que lle conteste

Sr. Gómez: Que me diga si está municipalizada ou non, e si non está, ¿qué solución pensa darlle?, porque vostedes imos ver, no anterior Goberno había que municipalizala ¿non?, chegaron aquí, vostedes parecía que bueno que era algo dubidoso e tomaron outras medidas

Sr. Alcalde: Nos non, O Consello da Xunta

Sr. Gómez: Pois bueno, despois de tomar esa medida si non está municipalizada, ¿Que van facer? ¿Que solución lle van a dar a Vilaza coa auga? Esa é a miña pregunta.

Sr. Alcalde: ¿Vostede está de acordo con municipalizala?

Sr. Gómez: Eu lle estou facendo unha pregunta, non me faga...

Sr. Alcalde: E eu tampouco, eu fágolle outra

Sr. Gómez: Si, si non, estamos en rogos e preguntas, quen estou preguntando son eu, cando sexa, pida vostede a palabra, cando acabe o meu turno, lle estou preguntando, vostede contésteme ao que lle pregunto si me quere contestar, vostede é o Alcalde e ten que .....

Sr. Alcalde: Entón, eu non podo facer preguntas



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Gómez: Bueno, eu xa lle dixen que si quere contestarme ou non, vostede está obrigado a contestarme, como Alcalde.

Sr. Alcalde: Non estou obrigado, tampouco, pero bueno, siga Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Si non quere, non conteste. Outra pregunta, o acceso ao Concello, cando vostede chegou aquí ao Goberno (...) quedou moi bonito, naquela parte (...) outra parte moi funcional (...) si xa lle buscara unha solución, había dito un día que había feito un concurso de ideas ou así, habían, que tiñan pensado facelo pero cada día desgraciadamente pois chegan, aínda o outro día chegou unha señora que viña co bebé, pois alí como eu moita xente, axudeille a subir a cadeira para arriba e a xente incapacitada...

Sr. Alcalde: ¿Cál é a pregunta Sr. Gómez para que grave ben que despois non se lle entende?

Sr. Gómez: E que eu fálole moi rápido ¿sabe? pero élle a miña forma desculpe, tras 56 anos e dicíndolle, xa as miñas formas, é moi difícil. ¿qué solución lle van dar ao acceso para minusválidos ao Concello? E nada mais. ¿está claro? quedáronlle claras, me alegro de que lle quedaran claras. Nada mais. Grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas. ¿Sra. Fernández?

Sra. Fernández: Boas noites a todos e a todas. Eu lle vou facer unha pregunta (...) os (...) unha moción sobre as marquesiñas de Couso e quería preguntar ¿cándo se van a colocar, a facer, ou que teñen pensado? Couso, porque dende O Couso, de momento non está chovendo pero cando empece a chover, parece ser que aquí non lle preocupa a vostede ou a vostedes solucionar este problema e que teñan eses nenos aí, que teñan gripe, que estean enfermos, pero que é algo urxente e están agardando eses pais, eses veciños e veciñas que contaron no seu día cunha parada xa (...) o colexio pero si miran, como iso ao mesmo tempo tamén, cándo se van arranxar as marquesiñas, que se mira por tódolos sitios que están estragadas, rotas, e non me pregunte en ónde, porque non é o meu traballo, eu so traio aquí as queixas dos veciños e se supón que os se teñen que preocupar de ir polas parroquias a mirar e a tratar son vostedes, é parte do seu traballo creo, iso en primeiro lugar polo que vexo. Outro problema mais é preguntarlle tamén as beirarrúas en Víncios que xa non é a primeira vez que llo pregunto e que llo digo ¿cando se van a arranxar as beirarrúas en Víncios?

Sr. Alcalde: Non son nosas.

Sra. Fernández: Se o teñen pensado. Bueno pero si non son vosas, terán que xestionalo ou iso ou o outro. Estamos cos brazos cruzados, entón si a todo o que diga vostede non son nosas, pois xa miraremos como acaba isto.

O colexio Serra-Víncios, tamén outro problema, levan esperando os pais solucións, e tamén esperando pola Concelleira, a que se presentara no Consello Escolar e non veu porque...

Sr. Alcalde: Faga unha pregunta Sra. Fernández non...

Sra. Fernández: que ¿cándo se vai a arranxar o problema do Colexio Serra-Víncios?

Sr. Alcalde: Defina o problema Serra-Víncios porque non entendo a pregunta, non sei cál é o problema, dígame vostede

Sra. Fernández: Sábeo ben.

Sr. Alcalde: Non, non dígame vostede ¿cál é o problema?



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sra. Fernández: Demanda da solución do Colexio Serra-Víncios

Sr. Alcalde: ¿Cál é a solución, cál é o problema?

Sra. Fernández: Non, non, non, ¿o problema? Sábeo ben vostede.

Sr. Alcalde: Dígame cál é o problema, dígame vostede que está no uso da palabra, non quere preguntarme, dígame ¿hai un problema en Víncios, qué vai facer vostede? Dígame cál é o problema.

Sra. Fernández: Pois ¿que vai facer vostede, a ver?

Sr. Alcalde: Non, dígame cál é o problema

Sra. Fernández: Non, non agora lle pregunto ¿qué vai facer vostede? Esa é a miña pregunta, co Colexio Serra-Víncios, ¿qué vai a xestionar? ¿qué vai a facer? ¿cándo se vai a preocupar?

Sr. Alcalde: Iso non é unha pregunta, iso é unha afirmación

Sra. Fernández: Bueno, xa está, non, bueno,

Sr. Alcalde: Pregúnteme algo pero concreto

Sra. Fernández: Mais, xa non lle podo preguntar, non lle podo dicir, si quere me entende

Sr. Alcalde: Non o entendo

Sra. Fernández: Vale, so entende o que vostede quere

Sr. Alcalde: Por suposto.

Sra. Fernández: Que mais, o Camiño de Brea, tamén ¿cándo se vai ir a facer a limpeza?  
¿Téñolle que dicir algo mais do Camiño da Brea?

Sr. Alcalde: Diga vostede o que queira, está no uso da palabra

Sra. Fernández: que ¿cándo vai pasar a limpalo?

Sr. Alcalde: Vale, tomo nota.

Sra. Fernández: Nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Fernández. ¿Sr. Gregores? ¿Sr. del Río? ¿non hai mais preguntas? Si ¿Sr. del Río?

Sr. del Río: Imos ver, vostede emitiu unha resolución para a adxudicación do concerto menor de obras da dirección do proxecto de Recuperación e posta en valor do Bosque de Ribeira do Río Miñor ao seu paso pola zoa residencial Baixa –Redonda. Gustaríanos saber a quen se lle adxudicou a Dirección de Obra, porque na devandita resolución non se manifesta e hai posteriormente unha corrección de erros para modificar unha cantidade en concepto de fianza pola empresa adxudicataria deste contrato menor, pero nada se di desa dirección de obra que non consta na súa resolución. Supoño que será un erro que o Goberno terá que emendar porque estamos nos confundidos. Gustaríanos saber, tamén cál é o criterio que se usa para a adquisición de alimentos de axuda de emerxencia social. (...) de cousas, nos non nos imos



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

meter aí, na necesidade, da (...) pero gustaríanos saber, cal é o procedemento que se está usando durante todo o ano, cal é o procedemento que se usa para a compra de estes alimentos para emerxencias sociais. Gustaríanos que pasa coa oposición, a da bolsa da técnica de administración xeral, cómo esta ese procedemento.

Na resolución 333 da mellora de capa de rodadura do viario Mosteiro-Telleiro en Donas se fai unha... por valor de 68.000 euros, Construcións Fechi, hai un informe desfavorable por parte de intervención de unha (...) do pago coa súa conta. Gustaríanos saber, tamén gustaríanos saber si actuaron ou foron a ver o sitio ou si saben os motivos, etc, etc, si van a cambiar as medidas para que isto non se volva producir por aquilo que se produciu ao lado da ponte do Seixidal. Na reforma da Rúa Emigrante entre a rúa Levada (...) de San Bieito, hai un informe desfavorable por parte de intervención, a min gustaríame saber ¿por qué? E isto é simplemente mera cuestión de curiosidade (...) ¿vostede se recoñece así mesmo os trienios? ¿pode facelo?, ben...hai unha prórroga para... no Programa de Mellora de Camiños Municipais de acceso a Explotacións Agrarias, isto é un camiño de pavimentación, do camiño de Danta, de Víncios, esta prórroga está solicitada polo Concello, gustaríame saber si a Consellería está lles concedeu a devandita prórroga de execución do camiño. Gustaríame tamén saber por qué non figuran na documentación de este Pleno os informes pertinentes que sempre recibimos por parte de intervención, tanto os informes de reparos emitidos no mes das mesma resolucións que veñen a este Pleno como os outros informes que normalmente sempre se aportaban neste Pleno e que neste Pleno non nos aparecen aquí. Gustaríame saber, vostedes van a executar unha obra de axardinamento do Pavillón con o que serán os cartos da Deputación Provincial do

Plan de Obras, e unha vez feito este axardinamento vaise incluír ou non no Prego de Condicións de parques e xardíns, teñen pensado facer algún tipo de actuación a este respecto e logo dende o 1 de agosto o servizo de mediación de seguros privados noutra administración do Concello de Gondomar está rematada. Hai unha xunta de Goberno onde vostedes non prorrogaron, decidiron no prorrogar o contrato por un ano. Gustaríame saber si hai outra empresa que se está encargando de este servizo de mediación de seguros ou si nestes momentos iso que levaba a empresa pois neste momento é inexistente e tamén gustaríame saber do procedemento da prescrición plantexada na sesión corporativa aquí, gustaríame tamén que sobre todo agora que os sábados van a cambiar no tema de hábil, inhábil, ás veces os sábados non hai ninguén no servizo e o Rexistro está pechado toda a mañá, sábeo vostede porque eu fixenllo saber a través de un escrito, gustaríame saber que pasou e si se vai poñer remedio a este tema, porque claro calquera cidadán que vaia ao rexistro e conclúa o prazo nese sábado vaise ver en un grave apreto. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Pauliño ¿ Sr. Villar?

Sr. Villar: Boa noite a todos e todas, dous rogos, o primeiro é mirar si dalgunha forma simplemente si podemos arranxar os seguintes (...) plenos o tema dos vídeos que parece que tanto aquí como (...) algúns concelleiros e concelleiras temos problemas para falar e o rogo o primeiro rogo que é tamén na liña do que antes falaba a Concelleira Durán, do tema do mercadillo, evidentemente, eu creo que non deberán ser ningún problema que nos enviara directamente aquí (...) os correos electrónicos e con iso chegaría, e en segundo lugar unha pregunta tanto ao Concelleiro de financiación económica o Sr. Araúxo, como sabedes cando nos chegamos ao Goberno houbo un cambio no Centro Neural cando chegou a Policía e houbo que reubicar determinados servizos que non se podían prestar coa Policía alí e conseguimos reubicar algunhas aulas de formación, tamén os cibers pero quedou un pouco a medias o tema do servizo a empresas. Eu antes de marchar deixei listo un borrador cun regulamento para o semilleiro, readaptando un pouco a normativa ao novo espazo que tiñan. Gustaríame simplemente saber ¿qué idea ten respecto ao semilleiro ou si ten algunha tipo, outra alternativa ou o que vostede queira ou lle gustaría facer en canto o tema do semilleiro? E pola miña banda, nada mais. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, ¿Sra. Varela?





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sra. Varela: Grazas, bueno eu quería preguntar polo Plan de Compostaxe Comunitaria da Deputación, falara fai un mes e algo co Concelleiro de Medio Ambiente que os fan colocar pero non se colocaran aínda, quería saber si ¿houbo algún retraso ou por qué motivo ou bueno que pasou cos composteiros comunitarios que foron concedidos a Gondomar? E a miña segunda pregunta e derradeira vai en relación a avaliación do Plan de Igualdade do Goberno anterior que foi prorrogado e que bueno nos quedara pendente, quedara pendente a avaliación dese Plan, e para traer ao Pleno para presentar á Corporación, e bueno quería saber ¿en qué fase está esa avaliación? si xa está feita, si está en proceso ou como é (...) nada mais.

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Varela. Non hai mais preguntas, contestaremos ás mesmas o antes posible, por escrito. Grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 28 minutos do día 06.10.16, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.

